

PLENO DO PARLAMENTO

11 de marzo de 2025

10.00 horas

- Punto 1** Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de Servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006).
Publicación do Ditame da comisión e do mantemento de emendas, BOPG nº 166, do 4.03.2025

Separata núm. 1

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.03.2025

Hora: 10.00

Orde do día

- Punto 1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de Servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006).
Publicación do Ditame da comisión e do mantemento de emendas, BOPG nº 166, do 4.03.2025

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital [71677](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 21023)

[71712](#)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 21033)

[71713](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros no sumario do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 164, do 28 de febreiro de 2025 [71710](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 28 de febreiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 15320 (12/PL-000006)

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

BOPG nº 130f2, do 12.12.2024

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 28 de febreiro de 2025, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 34.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que, no marco das normas básicas do Estado, a Comunidade Autónoma pode «regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins». Con base nesta competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1984, do 11 de

xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que permitiu a posta en marcha e a consolidación duns medios públicos de comunicación audiovisual que contribuíron de modo innegable á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e ao desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia.

A primeira lei reguladora da radio e da televisión de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia foi substituída, nun contexto tecnolóxico e normativo moi mudado, pola ata agora vixente Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Esta lei unificou os tres entes instrumentais que existían (a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades Radiotelevisión Galicia, S. A., e Televisión de Galicia, S. A.) nunha única sociedade mercantil pública autonómica, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., para gañar eficacia na xestión, e incorporou garantías de independencia dos medios públicos de comunicación audiovisual respecto do poder executivo. Ademais, introduciu os instrumentos do mandato marco e do contrato programa para a concreción plurianual da misión de servizo público dos devanditos medios, mantendo o modelo mixto de financiamento, que combina a compensación polo cumprimento da misión de servizo público cos ingresos publicitarios ou derivados doutros dereitos. Baixo esta nova normativa, a Radio Galega e a Televisión de Galicia continuaron a desenvolver con éxito a súa misión de servizo público, cunha presenza consolidada e estable nas audiencias, superior á media que acada o conxunto dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade das comunidades autónomas, unha situación financeira saneada e un réxime organizativo razoablemente eficaz.

Porén, no momento presente concorren dúas circunstancias que fan necesario un cambio da normativa reguladora dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por unha banda, cómpre salientar o novo marco normativo establecido pola Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, xa totalmente en vigor, que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2010, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual), coas modificacións introducidas nela pola Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de novembro de 2018. A esta lei súmaselle o recente Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, polo que se establece un marco común para os servizos de medios de comunicación no mercado interior e se modifica a Directiva 2010/13/UE (Regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación).

Por outra banda, ademais desas novidades normativas, hai que ter en conta a fonda transformación dixital que se está a producir nos medios de comunicación audiovisual e á cal a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) non é allea. A realidade actual é que, como outras empresas audiovisuais, públicas e privadas, a CRTVG non se limita xa a xestionar un conxunto de canles de radio e televisión, senón que se transformou nunha plataforma de servizos de comunicación audiovisual, malia o seu marco regulador continuar a ser o mesmo.

O marco dixital está a converter os medios de comunicación en estruturas necesitadas de constante innovación e transformación. A converxencia e a conectividade multiplican as posibilidades de

produción e as redes de distribución a través de canles, plataformas e dispositivos fixos ou móbiles ofrecen máis posibilidades de interacción coas audiencias e de personalización de contidos, as cales aínda se verán incrementadas no futuro próximo. A relación entre tecnoloxía, industria, medios públicos, xéneros, audiencias e persoas seguirá a mudar a través de ofertas multiplataforma, que inclúen tamén novas ferramentas de intelixencia artificial, uso de algoritmos e asistentes de voz e mais realización audiovisual. Na vangarda dos novos paradigmas mediáticos, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia deben liderar a transición tecnolóxica a prol da conectividade xeneralizada coa cidadanía, da defensa da identidade de Galicia e da promoción, a difusión e o impulso da lingua galega, do enriquecemento do pluralismo e a diversidade da sociedade e mais da alfabetización para o uso responsable dos servizos de comunicación. A súa difusión e achega de valor público a Galicia xa non só se poden considerar como as dunha entidade tradicional de radiodifusión, senón como as dunha nova plataforma galega de servizos públicos de comunicación audiovisual para a era de Internet.

Neste contexto de acelerada transformación dixital, o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia non se pode continuar entendendo e definindo legalmente como un conxunto de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña; abrangue a produción, a edición e a difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais a través de redes de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que o progreso tecnolóxico admite, tal como recolle esta nova lei no seu artigo 2.1. De aí que a propia denominación do prestador do servizo deba mudarse de «Corporación Radio e Televisión de Galicia» para «Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia» (CSAG), como entidade con forma de sociedade mercantil pública autonómica que integra os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e os programas, os contidos e os servizos que estes producen, editan e difunden no marco da sociedade dixital.

II

Esta lei conta con cincuenta e nove artigos estruturados en tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título I, relativo ás disposicións xerais, regula en primeiro lugar o obxecto da lei, que, na liña do xa exposto, se concreta na regulación dos servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma. Ademais, contén a definición deste servizo público e o acordo formal da súa prestación en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como o ámbito do servizo. En relación con este último, débese salientar que as limitacións territoriais tradicionais á cobertura do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico non resultan aplicables aos demais servizos que se difunden a través de redes de comunicacións electrónicas e de sistemas de Internet.

O título II ocúpase en dous capítulos de definir a misión e os principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia. A misión de servizo público mantén e reforza os seus elementos tradicionais. Así, incídese na necesidade de os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade

Autónoma de Galicia estaren conformados por profesionais da información, suxeitos a normas de autorregulación destinadas a fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia deses contidos informativos; no impulso da produción propia, vinculada ao fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego; na utilización da lingua galega, tanto na produción propia coma na edición e difusión da produción allea, sen prexuízo da posibilidade de empregar adicionalmente outras versións lingüísticas cando así o xustificar a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, na liña do compromiso recollido pola Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no seu artigo 12.1.b), relativo a favorecer os distintos medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias; na garantía do dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual; e no fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente. A todo isto engádese como novidade a misión de alfabetización mediática e dixital de toda a cidadanía galega a que debe contribuír o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma, en colaboración co sistema educativo, en especial para loitar contra os procesos de desinformación e para promover o uso responsable dos datos, as redes e as novas ferramentas de intelixencia artificial, ás cales nesta lei se fan referencias explícitas nos seus artigos 10.2, 42.2.f) e 50.e), dirixidas a garantir o cumprimento dos principios éticos e xurídicos que deben respectar.

Os principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual sintetízanse, de acordo co establecido pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, nos seguintes: o respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios; a universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual; a veracidade da información; a independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade dos medios públicos de comunicación audiovisual; e a innovación e excelencia. O capítulo II do título II desenvolve o contido destes principios xerais, que inspirarán a actuación dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

O título III, o máis extenso da lei, desenvolve en seis capítulos o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma, a xa mencionada Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa natureza e o seu réxime xurídico non cambian con respecto á actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, polo que formalmente se trata da mesma sociedade mercantil pública autonómica, que muda a súa denominación e experimenta algúns axustes organizativos.

En particular, no capítulo II do título III, relativo aos órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, fortalécense as garantías que rodean a elección da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración, en aplicación do establecido no Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e o Consello, do 11 de abril do 2024. Igualmente, mantense o rigoroso réxime de incompatibilidades que xa se lles viña aplicando a esas persoas, en garantía da súa independencia e neutralidade.

Unha importante novidade organizativa da lei é a creación do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa composición combina a diversidade da presenza de representantes dos distintos sectores sociais e económicos

implicados na prestación do servizo público da comunicación audiovisual, elixidos polo Parlamento de Galicia e pola Xunta de Galicia, con criterios que garantan o respecto do pluralismo existente na sociedade galega, e a de representantes do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, xunto co máximo órgano unipersoal de goberno e administración desta, a Dirección Xeral.

En materia de persoal, o capítulo III do título III perfila con máis detalle que a lei anterior o réxime do persoal directivo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, en liña coa regulación do persoal directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais desta que recolle a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e coas últimas orientacións xurisprudenciais. Resulta tamén salientable a introdución dunha referencia expresa ao persoal de natureza artística, pola súa especial relevancia para os medios de comunicación audiovisual.

A concreción da misión de servizo público, desenvolvida no capítulo IV do título III, lévase a cabo a través duns novos instrumentos: o mandato estratéxico, que é aprobado polo Parlamento de Galicia e ten a consideración de mandato marco para os efectos da lexislación xeral de comunicación audiovisual, de seis anos de duración; e o contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para eses efectos e tres anos de duración. Alén diso, incorpórase un artigo relativo á autorregulación e á correulación, en cumprimento das previsións sobre o fomento destas que contén a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

Finalmente, os capítulos V e VI do título III regulan o réxime económico e o control externo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. No que atinxe ao financiamento desta, mantense o actual sistema mixto, conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e os rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade. Tamén se incide na necesidade dunha separación progresiva de actividades que distinga claramente as que se realizan en cumprimento da misión de servizo público daquelas de carácter comercial. Canto ao control externo, comprende o control parlamentario e da autoridade audiovisual a través dos mecanismos que xa se viñan aplicando, aos cales se suma o control por parte do Consello de Contas, ao ser a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia parte do sector público autonómico.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, que derroga expresamente a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e seis disposicións derradeiras.

As disposicións adicionais diríxense a garantir, por unha banda, o cumprimento dos principios e os criterios que rexen o nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, por outra banda, a constitución e a renovación no prazo destes órganos e en concreto da Dirección Xeral, sen alterar o principio de elección por unha maioría cualificada para tratar de garantir o máximo consenso posible.

Pola súa banda, as disposicións derradeiras adaptan á nova lei a disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; prevén o cambio de denominación da actual «Corporación Radio e Televisión de Galicia» para «Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia» e os demais axustes nos seus estatutos sociais que exige a nova lei, así como a primeira elección consonte esta da persoa titular

da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración e mais a aprobación do primeiro mandato estratéxico. Alén diso, conteñen a habilitación para ditar as disposicións que foren necesarias para desenvolver e aplicar esta lei, así como a determinación do momento da súa entrada en vigor.

III

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia. Inclúense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exige o principio de transparencia.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto regular os servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma.

2. O obxecto desta lei inclúe:

a) A definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, o acordo da súa prestación, a súa misión e os seus principios.

b) A determinación do modelo de xestión do servizo e o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador deste.

Artigo 2. *Definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia e acordo de prestación*

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia é un servizo esencial de interese económico xeral, consistente na produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais diversos para todo tipo de públicos e de todo tipo de xéneros, a través de redes e de sistemas de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que estes permitan.

2. Acórdase a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

Artigo 3. *Ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia prestarán, en todo caso, o servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico. Poden prestar tamén servizos de comunicación audiovisual televisivos e servizos de comunicación

sonora por petición, servizos a través de televisión conectada e calquera outro tipo de servizo de comunicación audiovisual que permitan os sistemas, redes e plataformas de Internet e que contribúa ao cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

2. Os servizos de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres que prestan os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia comprenden o ámbito xeográfico de cobertura coincidente co territorio da comunidade autónoma. Pódense estender ás comunidades autónomas limítrofes con afinidades lingüísticas e culturais logo do asinamento do oportuno convenio, nos termos que establece a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

A difusión dos demais servizos de comunicación audiovisual que presten os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non está suxeita a limitacións territoriais.

TÍTULO II

Misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

CAPÍTULO I

Misión do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4. Misión

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia ten como misión:

a) Promover, difundir e impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia. Terá en conta, dentro deste punto, a comunidade galega emigrante.

b) Difundir programas, contidos e servizos que fomenten os principios e os valores constitucionais e estatutarios; en especial, o principio de igualdade, con particular atención á igualdade entre mulleres e homes, a liberdade de información e a liberdade de expresión, para contribuír á formación dunha opinión pública plural.

c) Reflectir nos seus programas, contidos e servizos o pluralismo político, social e cultural da sociedade galega.

d) Promover o acceso da sociedade galega ao coñecemento cultural, científico, histórico e artístico, así como satisfacer as súas necesidades informativas, culturais, educativas e de entretemento con contidos de calidade, ademais de con programas especialmente dirixidos á infancia e á xuventude e mais á alfabetización mediática e dixital da cidadanía.

d bis) Promover o incremento e a divulgación do arquivo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia como exemplo de compendio da cultura contemporánea galega.

2. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non poden dedicar servizos a emitir en exclusiva comunicacións comerciais audiovisuais.

Artigo 5. *Servizos informativos*

1. A misión de servizo público definida nesta lei implica que os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sexan conformados por profesionais da información, con suxeición aos principios xerais de programación e ás normas de estilo e autorregulación.

2. As normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia son un instrumento destinado a fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia dos contidos informativos ofrecidos polos devanditos medios, e responderán aos principios xerais que inspiran esta lei. Son aprobadas polo órgano Colexiado de goberno e administración do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, despois de oír as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.

Artigo 6. *Impulso da produción propia*

A misión de servizo público dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o impulso da produción propia dos seus programas, contidos e servizos, de forma que esta abrangha a maioría dos programas difundidos polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal nas canles xeneralistas, atendendo aos recursos materiais e humanos de que dispoña o prestador do servizo.

Artigo 7. *Uso da lingua*

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia producirán os seus programas, contidos e servizos en lingua galega e garantirán a edición e difusión en galego dos programas, os contidos e os servizos de produción allea, sen prexuízo da posibilidade de utilizaren adicionalmente outras linguas cando así o xustificar a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

Artigo 8. *Procesos electorais*

Durante os procesos electorais aplicarase o réxime especial que establezan as normas electorais. O control do cumprimento do devandito réxime correspóndelle á xunta electoral competente.

Artigo 9. *Dereito de acceso.*

1. O dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia materialízase a través dos seguintes medios:

a) A participación dos grupos sociais, políticos e sindicais representativos, como fontes e portadores de información e opinión no conxunto dos programas, os contidos e os servizos.

b) O establecemento de espazos específicos nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico fixados polo órgano Colexiado de goberno e administración do prestador do servizo, após oír o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.

2. Garantirase a dispoñibilidade de medios técnicos e humanos para a realización dos espazos necesarios para o correcto exercicio do dereito de acceso.

Artigo 10. Alfabetización mediática e dixital

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia cumprirán a súa misión de servizo público de alfabetización mediática contribuíndo, en colaboración co sistema educativo, a desenvolver competencias, coñecementos, destrezas e actitudes de comprensión e valoración crítica que permitan a cidadanía de todas as idades acceder e analizar criticamente a información, discernir entre feitos e opinións e recoñecer as noticias falsas e os procesos de desinformación.

2. Así mesmo, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán co sistema educativo na alfabetización dixital da cidadanía, co fin de promover o uso e o acceso responsable aos datos, ás redes sociais e ás ferramentas de intelixencia artificial, algoritmos e sistemas de recomendación por parte dos distintos sectores da sociedade galega, especialmente aqueles máis necesitados de actuacións de mellora das competencias, dos coñecementos, das destrezas e das actitudes que lles permitan utilizar con eficacia e con seguridade os servizos de información e de comunicación.

2 bis. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia promoverá contidos que axuden a poboación de idade avanzada para estimular o envellecemento activo e paliar a soidade non desexada.

Artigo 11. Promoción do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, contribuirán ao desenvolvemento do sector audiovisual para a mellora da súa achega á economía galega.

2. En particular, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia promoverán e difundirán as obras audiovisuais de produción independente realizadas en Galicia.

3. No marco do previsto neste artigo, e de acordo cos principios de subsidiariedade e complementariedade, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia participarán, xunto coas administracións públicas e o sector audiovisual, nos programas sectoriais de actuación que contribúan a consolidar a produción cinematográfica e audiovisual galega, a ficción e os documentais.

CAPÍTULO II

Principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 12. Principios

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia actuarán no desempeño da misión de servizo público definida nesta lei con suxeición aos seguintes principios:

- a) Respetto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios.
- b) Universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual.
- c) Veracidade da información.
- d) Independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade.
- e) Innovación e excelencia.

Artigo 13. Principio de respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios

O respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios no ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe, en particular:

- a) O respecto da honra, da intimidade e da propia imaxe das persoas e mais a garantía dos dereitos de rectificación e de réplica.
- b) O respecto do pluralismo ideolóxico, político, social e cultural da sociedade galega.
- c) A non-discriminación das persoas por razón de idade, sexo, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, raza, cor, orixe étnica ou social, características sexuais ou xenéticas, lingua, relixión, crenzas, opinións políticas ou de calquera outro tipo, nacionalidade, patrimonio, nacemento ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) A promoción da igualdade entre mulleres e homes, transmitindo unha imaxe igualitaria e non-discriminatoria.
- e) A difusión dunha imaxe axustada, respectuosa, apreciativa, inclusiva e libre de estereotipos das persoas con discapacidade.
- f) A protección da xuventude e da infancia fronte aos contidos que poidan afectar negativamente a súa saúde ou o adecuado desenvolvemento da súa personalidade, con especial atención á prevención de condutas adictivas.
- g) A protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en relación coa publicidade e con outras modalidades de comunicación comercial audiovisual.
- h) A contribución á conciliación da vida persoal e familiar, mediante a racionalización dos horarios no servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto.
- i) O respecto dos dereitos de propiedade intelectual.

Artigo 14. Principio de universalidade no acceso ao servizo

Para a efectividade do principio de universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garantirán:

a) A maior cobertura territorial posible do territorio da comunidade autónoma de Galicia polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e o servizo de comunicación audiovisual radiofónico, así como a súa máxima continuidade, tendo en conta as obrigas legais e as recomendacións técnicas aplicables.

b) A accesibilidade universal aos servizos de comunicación audiovisual, con especial atención ás persoas con diversidade funcional, mediante recursos factibles, ferramentas e pautas de accesibilidade visual, auditiva e cognitiva, incluídos a tradución audiovisual, a audiodescrición, o subtítulado e o emprego da lingua de signos, así como da aprendizaxe a través de Internet.

c) A difusión en aberto dos servizos de comunicación audiovisual que se presten en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei. Unicamente poderán ser de acceso condicionado aqueles servizos excluídos do ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia polo mandato estratéxico do prestador do servizo.

Artigo 15. *Principio de veracidade da información*

Consonte o principio de veracidade da información, os contidos informativos que difundan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse aos seguintes criterios:

- a) Veracidade, calidade, obxectividade e imparcialidade.
- b) Diferenciación, de forma clara e comprensible, entre información e opinión.
- c) Respecto do pluralismo político, social e cultural, ben como da libre expresión das opinións.
- d) Fomento da libre formación da opinión do público.

Artigo 16. *Principios de independencia, de rendición de contas, de transparencia e de responsabilidade*

1. A independencia e a rendición de contas dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garántense a través do réxime organizativo e de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que se establece no título III desta lei.

2. A xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia axustarase aos principios de transparencia e responsabilidade. Deberá asumir e implantar de maneira efectiva criterios de sustentabilidade social empresarial.

Artigo 17. *Principios de innovación e de excelencia*

En cumprimento dos principios de innovación e de excelencia, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán a produción audiovisual de calidade e a súa difusión en todas as modalidades que permita o estado da tecnoloxía.

TÍTULO III

Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 18. *Natureza xurídica*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica na que se integran os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de acordo co previsto no número 2 do artigo 2.
2. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ten a forma de sociedade anónima e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Consello da Xunta de Galicia e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 19. *Réxime xurídico*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:
 - a) En primeiro lugar, por esta lei, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral de comunicación audiovisual.
 - b) En segundo lugar, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - c) Na falta da normativa anterior, pola lexislación mercantil.
2. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incorporarán as previsións desta lei relativas aos órganos da sociedade e ás súas competencias.
3. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as súas modificacións serán aprobados pola xunta xeral da sociedade, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, e serán inscritos no rexistro mercantil.
4. O obxecto social da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incluírá a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos nesta lei, así como todas aquelas actividades necesarias para o cumprimento da misión de servizo público definida nela ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.
5. As pretensións que se deduzan con respecto aos acordos dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son competencia dos xulgados e os tribunais da orde xurisdiccional que corresponda en cada caso segundo a lexislación procesual.

Artigo 20. *Medios para a prestación do servizo*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia deberá contar coa organización, a estrutura e os recursos humanos e económicos suficientes para asegurar o cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, incluídos os necesarios para garantir a provisión de programas, contidos e servizos territoriais.

2. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode constituír entidades que adopten a forma de sociedade mercantil ou participar no seu capital, sempre que o obxecto social de tales entidades estea vinculado coas actividades e as funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou a perda da participación maioritaria no capital social das devanditas sociedades require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as sociedades sobre as que exerza o control, nos termos do artigo 42 do Código de comercio, non poden participar no capital social de prestadores do servizo de comunicación audiovisual de titularidade privada.

Artigo 21. *Cooperación*

Para cumprir mellor a misión de servizo público definida nesta lei, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode subscribir convenios de cooperación con outras entidades prestadoras do servizo público de comunicación audiovisual, coas administracións públicas e coas entidades vinculadas a estas ou dependentes delas.

Artigo 22. *Operacións de fusión e escisión, e disolución*

1. As operacións de fusión ou escisión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiren o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

2. A disolución da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia require o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, despois de oír o Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO II **Organización**

Sección 1ª. Órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Artigo 23. *Órganos*

1. Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o Consello de Administración e a Dirección Xeral.

2. Os membros do Consello de Administración e a persoa titular da Dirección Xeral son nomeados seguindo procedementos transparentes, abertos, efectivos e non-discriminatorios e mais criterios transparentes, obxectivos, non-discriminatorios e proporcionados, de acordo co previsto nesta lei.

3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia contará cun Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados nela.

Sección 2ª. Consello de Administración

Artigo 24. Definición e composición

1. O Consello de Administración é o órgano colexiado de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. O Consello de Administración componse de sete membros, dos cales un é a persoa titular da Dirección Xeral.

Artigo 25. Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración

1. Os membros do Consello de Administración distintos da persoa titular da Dirección Xeral son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, no prazo dun mes repetirase a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.

2. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios deben ter experiencia profesional acreditada e prestixio recoñecido, nos termos establecidos polo artigo seguinte. Do mesmo xeito, teranse en conta criterios de proporcionalidade e de pluralidade ideolóxica, política, social e cultural e garantirase o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, consonte a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios comparecerán perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia na forma que determina o Regulamento do Parlamento, co fin de se examinar a súa idoneidade para o cargo.

4. A xunta xeral da sociedade nomeará os membros do Consello de Administración elixidos polo Parlamento de Galicia.

5. As vacantes no Consello de Administración serán cubertas na mesma forma prevista nos números anteriores e deberase respectar a pluralidade de orixe. O mandato dos novos membros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos cales substitúen.

Artigo 26. Experiencia profesional acreditada e prestixio recoñecido

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, presúmese que unha persoa posúe unha experiencia profesional acreditada e un prestixio recoñecido para ser membro do Consello de Administración se reúne algún dos seguintes requisitos:

a) Ter desempeñado funcións de administración, de alta dirección, de control ou asesoramento ou funcións de similar responsabilidade en entidades públicas ou privadas.

b) Ter méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.

2. Na composición do Consello de Administración débese garantir a presenza de persoas que desempeñasen funcións de administración, de alta dirección, de control ou asesoramento ou funcións de similar responsabilidade en entidades públicas ou privadas e de persoas que teñan méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.

Artigo 27. *Duración do mandato*

1. O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento.

2. O mandato é renovable por unha soa vez.

3. Despois de se esgotar o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión das persoas que os substitúan.

Artigo 28. *Cesamento*

Os membros do Consello de Administración cesan no seu cargo polas seguintes causas:

a) Expiración do prazo do seu mandato.

b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.

c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración.

d) Defunción.

e) Inhabilitación para o emprego ou cargo público ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.

f) Incompatibilidade sobrevida.

g) Separación aprobada polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade, logo da instrución do correspondente expediente contradictorio por parte do Consello de Administración, (...) por non desenvolver as súas funcións de acordo co establecido nesta lei e nas normas que a desenvolveren.

Artigo 29. *Estatuto persoal*

1. Os membros do Consello de Administración actúan no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poderen recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase

de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. Os membros do Consello de Administración exercen as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil e axustan a súa actuación aos principios de legalidade, de obxectividade e de bo goberno.

3. Os membros do Consello de Administración terán dedicación exclusiva e estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de membro do Consello de Administración é incompatible:

- a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política.
- c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. Os membros do Consello de Administración non poden ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou medio tecnolóxico nin en ningún tipo de entidade relacionada coa subministración ou a dotación de material, de servizos ou de programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Artigo 30. *Competencias e funcións*

Correspóndenlle ao Consello de Administración as seguintes competencias e funcións:

- a) Aprobar a organización básica da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- b) Aprobar a creación das comisións de participación, asesoramento e control interno do propio consello. En todo caso, o Consello de Administración constituirá no seu seo unha Comisión de Economía e Control.
- c) Aprobar o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do propio consello.
- d) Resolver as solicitudes de autorización ou de recoñecemento de compatibilidade dos membros do Consello de Administración, excluída a persoa interesada, logo do informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Aprobar as directrices básicas en materia de persoal e os instrumentos de ordenación do persoal e as súas modificacións.

- f) Nomear o persoal directivo designado pola persoa titular da Dirección Xeral e formalizar o seu cesamento, no suposto de destitución por parte daquela.
- g) Elaborar e aprobar os criterios reitores da dirección editorial da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- h) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o plan xeral de actuación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- i) Aprobar o programa de actuacións, investimentos e financiamento e os anteproxectos de orzamentos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia elaborados pola persoa titular da Dirección Xeral, así como formular as contas anuais.
- j) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o informe anual sobre a xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e sobre o cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, para a súa remisión á autoridade audiovisual competente.
- k) Aprobar as normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, logo de oír as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional, así como o procedemento para elixir a representación neste das persoas profesionais dos devanditos medios.
- l) Elaborar e aprobar as normas reguladoras da emisión de publicidade, tendo en conta os criterios de autorregulación do sector, ademais da normativa de protección da saúde das persoas menores de idade e de prevención das condutas adictivas.
- m) Velar polo cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e polo contrato plurianual de xestión.
- n) En xeral, as facultades indelegables que lle corresponden ao consello de administración das sociedades de capital consonte a lexislación mercantil.
- ñ) As demais que lle atribúan expresamente esta lei ou os estatutos sociais.

Artigo 31. *Presidencia*

1. A Presidencia do Consello de Administración é exercida por un dos seus membros, excluída a persoa titular da Dirección Xeral, de acordo coa orde rotatoria que estableza o propio Consello, por períodos de seis meses.
2. Correspóndenlle á Presidencia do Consello de Administración acordar a convocatoria das sesións do órgano, fixar a orde do día de acordo coa Dirección Xeral e presidir as sesións, moderando o desenvolvemento dos debates, nos termos que dispoña o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do Consello de Administración.

Alén diso, a Presidencia coordina o funcionamento do Consello de Administración coa Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

3. A persoa titular da Presidencia do Consello de Administración non exercerá funcións de representación nin de dirección executiva da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que corresponden exclusivamente á persoa titular da Dirección Xeral.

Artigo 32. *Secretaría*

1. A Secretaría do Consello de Administración é exercida por unha persoa con titulación universitaria en Dereito, que non pode ter a condición de membro do Consello de Administración e asiste ás reunións deste con voz mais sen voto.

2. A designación e a destitución da persoa titular da Secretaría correspóndelle ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos supostos de vacante, de ausencia ou de enfermidade, consonte o que establezan os estatutos sociais.

3. Correspóndenlle á Secretaría do Consello de Administración as funcións que lle atribúan os estatutos sociais e, en todo caso, efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da Presidencia, preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e expedir as certificacións dos acordos aprobados, co visto e prace da Presidencia, e asesorar en dereito o órgano.

4. A persoa titular da Secretaría está suxeita ao estatuto persoal establecido para os membros do Consello de Administración no artigo 29, agás o previsto no seu número 3.

5. O Consello de Administración fixará as retribucións e o sistema de contratación da persoa titular da Secretaría cando esta non pertenza ao cadro de persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. No caso de pertencer ao devandito cadro de persoal, o Consello fixará a retribución que lle corresponda pola realización das funcións inherentes ao cargo.

Artigo 33. *Funcionamento*

1. O Consello de Administración reúnese en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao mes e en sesión extraordinaria cando o solicitaren a persoa titular da Dirección Xeral ou unha terceira parte dos seus membros.

2. Para a constitución válida do Consello de Administración, para os efectos de realizar sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría, ou, de ser o caso, das que as substitúan, e mais da metade, polo menos, dos demais membros do órgano.

3. Os acordos do Consello de Administración son adoptados por maioría de votos, agás que os estatutos sociais ou a lexislación mercantil establezan outra cousa. O voto da persoa titular da Dirección Xeral terá carácter dirimente cando se produciren empates nas votacións.

Sección 3ª. Dirección Xeral

Artigo 34. *Definición, elección e nomeamento*

1. A Dirección Xeral exerce de forma permanente as funcións de goberno, administración e representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que lle atribúen esta lei e os estatutos sociais.

2. A persoa titular da Dirección Xeral é elixida polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, no prazo dun mes poderase repetir a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.

3. A candidatura a titular da Dirección Xeral é formulada pola comisión parlamentaria correspondente, na forma que determine o Regulamento do Parlamento, entre persoas que teñan formación acreditada de nivel de educación superior, coñecementos e competencias profesionais, prestixio recoñecido e experiencia en xestión empresarial, administración ou investigación científica na actividade da comunicación audiovisual e no goberno corporativo.

4. A persoa proposta comparecerá perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia, co fin de se examinar a súa idoneidade para o cargo.

5. O Consello de Administración nomeará a persoa titular da Dirección Xeral na primeira sesión que realice logo da elección desta por parte do Parlamento de Galicia.

Artigo 35. *Duración do mandato*

1. O mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.

2. Despois de se esgotar o mandato, a persoa titular da Dirección Xeral continúa no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión da persoa que a substitúa.

Artigo 36. *Cesamento*

1. A persoa titular da Dirección Xeral cesa no seu cargo polas seguintes causas:

a) Expiración do prazo do seu mandato.

b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.

c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración.

d) Defunción.

e) Inhabilitación para o emprego ou cargo público ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.

f) Incompatibilidade sobrevida.

g) Separación aprobada polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade ou do Consello de Administración, logo da instrución do correspondente expediente contradictorio, por non desempeñar as súas funcións de acordo co establecido nesta lei e nas normas que a desenvolveren.

2. Alén diso, a persoa titular da Dirección Xeral será separada do seu cargo polo Consello de Administración cando, logo da liquidación do orzamento anual da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, se constatar a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias por causas imputables á súa xestión:

a) Un empeoramento do resultado orzado cunha desviación igual ou superior ao dez por cento da compensación pola prestación do servizo público de comunicación audiovisual.

b) A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao dez por cento das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación coma do orzamento do capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados e do do segundo a variación do capital circulante.

Artigo 37. *Estatuto persoal*

1. A persoa titular da Dirección Xeral actúa no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poder recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. A persoa titular da Dirección Xeral exerce as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil e axusta a súa actuación aos principios de legalidade, de obxectividade e de bo goberno.

3. A persoa titular da Dirección Xeral terá dedicación exclusiva e estará suxeita ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de persoa titular da Dirección Xeral é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. A persoa titular da Dirección Xeral non pode ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou medio tecnolóxico nin en calquera tipo de entidade relacionada coa subministración ou dotación de material, servizos ou programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Artigo 38. *Competencias e funcións*

1. A persoa titular da Dirección Xeral representa a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e desempeña a súa dirección executiva. Ademais, correspóndenlle as seguintes competencias e funcións:

- a) Adoptar e executar cantos actos, actuacións ou decisións sexan necesarios para o desempeño da dirección executiva da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
 - b) Elaborar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
 - c) Actuar como órgano de contratación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
 - d) Autorizar os pagamentos e os gastos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
 - e) Aprobar a estrutura organizativa da dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as súas modificacións.
 - f) Exercer a xefatura superior do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e desenvolver as directrices básicas do Consello de Administración en materia de persoal.
 - g) Designar e destituír o persoal directivo de acordo co previsto nesta lei e nos estatutos sociais.
 - h) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
 - i) Ditar as disposicións, as instrucións e as circulares relativas ao funcionamento da organización interna.
 - j) Propor, para ser sometido á xunta xeral da sociedade, o nomeamento dos auditores de contas ou das sociedades de auditoría.
 - k) Asinar o contrato plurianual de xestión convido baixo as directrices do mandato estratéxico.
 - l) Establecer as directrices oportunas para que os programas, os contidos e os servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia cumpran a misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e polo contrato plurianual de xestión.
 - m) Cumprir e facer cumprir a lei e os acordos do Consello de Administración.
 - n) As demais funcións de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non atribuídas expresamente a outros órganos por esta lei, polos estatutos sociais ou pola lexislación mercantil.
2. As dúbidas que no transcurso da actividade da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poidan xurdir respecto da atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á Dirección Xeral resolveranse sempre a favor desta última.

Sección 4ª. Comisión de Economía e Control

Artigo 39. Comisión de Economía e Control

A composición e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control son fixadas polos estatutos sociais ou, se for o caso, polo regulamento interno do Consello de Administración, que garantirán a independencia do seu funcionamento.

*Sección 5ª. Consello Asesor de Participación Social e Profesional**Artigo 40. Definición*

O Consello Asesor de Participación Social e Profesional é o órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que ten como finalidade contribuír a fortalecer a participación, así como a calidade, a profesionalidade e a independencia da información e, en xeral, dos programas, os contidos e os servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 41. Composición

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional está composto por quince membros, segundo a seguinte distribución, na que se garantirá o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, conforme a Lei 7/2023, do 30 de novembro:

a) Nove membros en representación dos sectores da cultura, a ciencia e a tecnoloxía, a educación e a sanidade, das entidades locais, das organizacións de persoas consumidoras e usuarias, das organizacións de persoas con discapacidade e das organizacións profesionais do sector audiovisual e da comunicación, elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos ou, de non se acadar esta, por maioría de tres quintos en segunda votación, dentro da mesma sesión plenaria.

b) Tres membros en representación dos sectores das industrias culturais e do audiovisual, a lingua e as tecnoloxías e redes de comunicación, designados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta dos órganos superiores ou de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en tales materias.

c) Dous membros en representación das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, elixidos polo procedemento que establecer o Consello de Administración.

d) A persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. O mandato dos membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, exceptuada a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, é de dous anos, renovable por unha soa vez. Após se esgotar o mandato, os membros continúan en funcións ata a renovación no cargo ou ata o nomeamento das persoas que os substitúan.

3. Os membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional non terán dedicación exclusiva ao cargo nin percibirán remuneracións polo exercicio deste, sen prexuízo das indemnizacións que corresponderen pola asistencia ás súas sesións.

4. En todo caso, a condición de membro do Consello Asesor de Participación Social e Profesional é incompatible:

- a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política, agás nas entidades locais.
- c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional contará cunha presidenta ou un presidente elixido de entre os seus membros por maioría absoluta, que exercerá as funcións inherentes á presidencia dun órgano colexiado. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia propondrá un membro do seu persoal con cualificación suficiente para que actúe como secretario do órgano, con voz mais sen voto.

Artigo 42. *Funcións*

1. Correspóndelle ao Consello Asesor de Participación Social e Profesional velar pola riqueza do pluralismo do discurso público democrático, pola diversidade de opinións e pola participación proporcionada a prol da formación da opinión pública galega, así como pola calidade, a profesionalidade, a obxectividade, a imparcialidade, a veracidade e a independencia dos contidos difundidos polos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para cumprir as funcións previstas no número anterior, a persoa titular da Dirección Xeral informará o Consello Asesor de Participación Social e Profesional sobre as seguintes materias:

- a) Os criterios e as medidas que garantan o dereito de acceso e participación dos grupos sociais e políticos significativos en función da súa relevancia, a súa representatividade e o seu ámbito de actuación.
- b) As liñas de programación dos contidos de información, formación e entretemento, segundo os principios de prestación do servizo público de comunicación audiovisual recollidos nesta lei, e as medidas e iniciativas que puideren contribuír a mellorar a súa calidade.
- c) O desenvolvemento de accións de alfabetización mediática e dixital, de accesibilidade e posta en valor dos servizos públicos de comunicación audiovisual na sociedade dixital, de protección dos dereitos individuais e dixitais fronte ao odio, a violencia e a desigualdade e de uso responsable dos datos e das redes.
- d) As actividades de sustentabilidade social empresarial desenvolvidas pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- e) As pautas e as medidas de protección dos dereitos das persoas menores de idade nos contidos dos servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sobre a involucración en situacións de risco, violencia, vulnerabilidade, trastornos alimentarios, condutas adictivas, acoso e ciberacoso.
- f) As estratexias e os medios de promoción da innovación da dixitalización, da introdución responsable da intelixencia artificial e da colaboración coas institucións públicas e as empresas de Galicia sobre servizos converxentes de Internet das cousas.

g) O fomento dos principios e os valores promovidos pola Declaración europea sobre os dereitos e principios dixitais para a década dixital no que corresponda ao marco dos programas estratéxicos e os contratos plurianuais de xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

h) O desenvolvemento das novas capacidades de difusión de contidos multilingües que permitan as redes globais e as tecnoloxías da información e a comunicación, co fin de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

i) As normas e as actividades de autorregulación e corregulación internas e externas que promova ou nas que participe a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

j) Calquera outra materia na que o Consello de Administración ou a Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiran do asesoramento do órgano.

Artigo 43. *Réxime de funcionamento*

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional aprobará un regulamento de réxime interno.

2. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional reúnese de forma ordinaria unha vez cada catro meses e con carácter extraordinario cando o solicite a maioría dos seus membros.

3. Os acordos do órgano son adoptados mediante o voto da maioría absoluta dos seus membros.

4. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia proporcionará o apoio material que o Consello Asesor de Participación Social e Profesional precise para o desenvolvemento das súas funcións.

CAPÍTULO III

Persoal

Artigo 44. *Membros do Consello de Administración*

1. Os membros do Consello de Administración, incluída a persoa titular da Dirección Xeral, vincúlanse á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas nesta lei.

2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, aproba as retribucións que lles corresponde percibir á persoa titular da Dirección Xeral e aos demais membros do Consello de Administración. Estas cantidades intégranse no orzamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, polo tanto, nos termos en que proceda, na lei de orzamentos que o Parlamento de Galicia aprobe cada ano.

Artigo 45. *Persoal de alta dirección e persoal directivo profesional*

1. Terá a consideración de persoal de alta dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o persoal desta que cumpra os requisitos establecidos no artigo 1.2 do Real decreto

1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección. Este persoal rexerase polo establecido na indicada normativa laboral. A súa selección efectuarase con suxeición aos principios de publicidade, concorrência, mérito e capacidade entre persoas que demostren a súa cualificación profesional.

2. Terá a consideración de persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o persoal desta que desempeñe postos de traballo definidos como tales na estrutura directiva da entidade aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica, complexidade ou relevancia das funcións xerenciais ou de dirección e coordinación asignadas a eles.

3. A selección do persoal directivo profesional efectuarase mediante unha convocatoria pública, de acordo cos principios de concorrência, mérito e capacidade, entre o persoal laboral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ou outras persoas que cumpran os requisitos necesarios para participaren na convocatoria. A súa designación efectuarase tras a apreciación discrecional por parte do órgano competente da idoneidade das persoas candidatas en relación cos requisitos exixidos para desempeñar o posto. O persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais terá a condición de persoal directivo para os efectos do establecido no artigo 1.4 do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

4. O persoal directivo profesional estará suxeito a avaliación periódica consonte os criterios de eficacia e eficiencia, de responsabilidade pola súa xestión e de control de resultados en relación cos obxectivos que lle sexan fixados. O cesamento nos postos directivos producirase por causas obxectivas vinculadas a unha avaliación negativa do desempeño, á perda da confianza ou a graves e continuadas dificultades de integración no equipo directivo, apreciadas polo órgano superior xerárquico do cal a persoa directiva dependa directamente. Os contratos que se formalicen farán referencia a estas circunstancias e incluírán expresamente as causas de extinción expresadas como condicións resolutorias do contrato.

5. As condicións retributivas do persoal recollido neste artigo serán as establecidas no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, ou na norma que o substitúa.

Artigo 46. *Persoal laboral*

1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) Polas disposicións aplicables do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

b) Polo Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e as demais normas de dereito laboral.

c) Polos convenios colectivos.

d) Polo correspondente contrato de traballo.

2. No relativo á selección e a contratación, tamén son aplicables as disposicións relativas ás sociedades mercantís públicas autonómicas recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. A contratación do persoal laboral fixo realizarase conforme os principios de igualdade, de mérito, de capacidade e de publicidade, mediante procesos selectivos convocados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no marco do que estableza a lexislación básica en materia de reposición de efectivos de persoal nas entidades do sector público e a que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento desta.

Artigo 47. *Persoal de natureza artística*

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode subscribir contratos ao abeiro da normativa que regula a relación especial de traballo das persoas artistas en espectáculos públicos á cal se refire a alínea e) do número 1 do artigo 2 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

CAPÍTULO IV Concreción da misión de servizo público

Artigo 48. *Mandato estratéxico*

1. Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia establécense normativamente para un período de seis anos a través do correspondente mandato estratéxico, que ten a consideración de mandato-marco para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.

2. O mandato estratéxico é aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e abondará para a aprobación unha maioría de tres quintos. De non se acadar tampouco esta última maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e a aprobación realizarase por maioría absoluta.

Artigo 49. *Contrato plurianual de xestión*

1. A concreción e o desenvolvemento dos obxectivos xerais da misión de servizo público da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia realízanse mediante a subscripción co Consello da Xunta de Galicia, por un período de tres anos, do correspondente contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.

2. O contrato plurianual de xestión incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola prestación do servizo público de comunicación audiovisual.

b) Os medios para a adecuación e a actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do escenario económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato estratéxico e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal e reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deba ofrecer a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, con concreción das porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que deberán derivar do incumprimento dos compromisos acordados.

f) O control da execución do contrato plurianual de xestión e dos resultados derivados da súa aplicación.

3. Entre os obxectivos específicos que deberá desenvolver a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poderanse considerar, ademais dos propios da actividade de comunicación audiovisual, aqueles outros de natureza organizativa ou económica que contribúan a cumprir mellor a misión de servizo público.

Artigo 50. Autorregulación e corregulación

No marco dos principios xerais que inspiran esta lei, e para cumprir mellor a misión de servizo público definida nela, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode adherirse ou desenvolver, segundo as respectivas facultades propias do Consello de Administración e da Dirección Xeral, as normas e pautas de autorregulación e corregulación que se estimen convenientes, no marco do previsto pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, sobre as seguintes materias, entre outras:

a) A protección dos dereitos das persoas menores de idade, en particular nos eidos do tratamento adecuado en noticiarios e programas de contido informativo de actualidade nos que se informe de que se viron involucradas en situacións de risco ou violencia ou aparezan persoas menores en situación de vulnerabilidade; a inclusión de descritores audiovisuais e de sistemas visibles de cualificación por idades que discriminen os contidos prexudiciais para o seu desenvolvemento físico, mental ou moral; os límites da emisión de programas ou contidos que conteñan escenas de violencia gratuíta, pornografía, consumo de substancias psicoactivas ou de promoción ou normalización de condutas adictivas sen substancia, de programas relacionados co esoterismo ou as paraciencias baseados na participación activa das persoas usuarias ou de programas de actividades de xogos de azar e apostas, agás as excepcións legalmente permitidas; e o control de algoritmos, etiquetaxes e sistemas de recomendación inseguros.

b) O cumprimento responsable da normativa publicitaria e de autocontrol da comunicación comercial no servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O respecto dos principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia nas interaccións públicas desenvolvidas a través das redes sociais dixitais que comprendan os dominios propios da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia en Internet.

d) O desenvolvemento de pautas de comportamento para a protección e a utilización responsable dos datos das persoas usuarias.

e) As tecnoloxías e as ferramentas de intelixencia artificial que cumpran a normativa aplicable e recoñezan de forma responsable e transparente o nivel de risco do seu despregamento, garantindo o respecto á dignidade humana e aos dereitos fundamentais, así como a súa fiabilidade.

f) O desenvolvemento de normas de boas prácticas corporativas e profesionais de funcionamento para fortalecer a calidade do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO V

Réxime económico

Artigo 51. *Sistema de financiamento*

1. O sistema de financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dotarase dos recursos económicos que lle permitan cumprir a misión de servizo público definida nesta lei dun xeito eficaz. Alén diso, respectará os principios seguintes:

a) Compatibilidade coa normativa vixente en materia de competencia, en especial coa normativa de axudas de estado.

b) Garantía de estabilidade orzamentaria para o cumprimento efectivo das funcións de servizo público.

c) Sostemento exclusivo de actividades e contidos relacionados coa función de servizo público.

2. O financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia baséase nun sistema mixto conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

3. As compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público conségnanse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas compensacións teñen carácter anual e non poden superar o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario, entendéndose por tal a diferenza entre os custos totais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e os seus outros ingresos distintos das compensacións.

Se no pechamento dun exercicio se constatar que a compensación supera o custo neto en que se incorreu nese período, o importe en exceso minorarase da compensación orzada para o exercicio seguinte a aquel no que se producise o exceso.

4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non pode utilizar a compensación pública para baixar inxustificadamente os prezos da súa oferta comercial e de servizos nin para presentar ofertas desproporcionadamente elevadas fronte a competidores privados por dereitos de emisión sobre contidos no mercado audiovisual.

Artigo 52. *Recurso ao endebedamento*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e calquera outra sociedade na cal posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social só poden realizar operacións de crédito, na medida e cos límites máximos establecidos na normativa vixente, para financiar os seus investimentos en inmovilizado material e inmaterial e para atender necesidades transitorias de tesouraría.

2. Os límites do endebedamento quedan fixados, para cada exercicio, na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.

Artigo 53. *Separación estrutural de actividades e sistema de contabilidade analítica*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia procederá progresivamente á separación estrutural das súas actividades para garantir os prezos de transferencia e o respecto das condicións de mercado, de conformidade coa Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas.

2. Co fin de cuantificar o custo neto do servizo público, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia disporá de separación de contas por actividades e contará cun sistema de contabilidade analítica que separe a imputación de ingresos e custos da actividade de servizo público dos contidos comerciais e das restantes actividades.

Artigo 54. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sométese ao establecido no número 3 do artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e nas demais disposicións que lle sexan aplicables, así como ás previsións da presente lei.

2. Xunto cos orzamentos de explotación e capital, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia remitirá unha memoria da avaliación económica do investimento ou dos investimentos que vaian iniciarse no exercicio, así como a expresión dos obxectivos que se pretendan acadar nel.

Artigo 55. *Contas anuais e auditoría externa*

1. Sen prexuízo do sinalado nesta lei, as contas anuais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polos principios e as normas de contabilidade recollidos no plan xeral contable e son revisadas por persoas auditoras de contas de acordo co disposto na lexislación mercantil.

2. As contas anuais son formuladas polo Consello de Administración e son sometidas, xunto coa proposta de distribución de resultados, á aprobación da xunta xeral da sociedade, consonte a lexislación mercantil. Após seren aprobadas, serán remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e a persoa titular da Dirección Xeral comparecerá perante a comisión de control parlamentario correspondente.

Artigo 56. *Patrimonio*

1. Para cumprir cos seus fins, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dispón dun patrimonio propio, distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigas dos cales é titular.

2. Os bens e os dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son, en todo caso, de dominio privado ou patrimoniais.

3. A xestión, a administración, a explotación e a disposición dos bens e os dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polo disposto nesta lei, polas normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, supletoriamente, polas normas do dereito privado.

4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia velará pola conservación e a custodia dos seus arquivos documentais e audiovisuais e, en particular, dos documentos e fondos que, de acordo coa normativa de patrimonio cultural, deban integrar o patrimonio documental e bibliográfico de Galicia, facilitando o acceso e o uso para fins de investigación e educativos. O Consello de Administración establecerá as condicións para o seu uso comercial.

CAPÍTULO VI **Control externo**

Artigo 57. *Control parlamentario*

1. O Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da misión de servizo público definida nesta lei, a través da Comisión Permanente Non-Legislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. Para o efecto do previsto no número anterior, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 55.2, presentaralle con carácter anual á Comisión Permanente Non-Legislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia un informe referido á execución do mandato estratéxico e do contrato plurianual de xestión, así como unha memoria sobre a execución da misión de servizo público referida ao conxunto das súas actividades, programas, contidos e servizos.

Artigo 58. *Control por parte da autoridade audiovisual*

1. A autoridade audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia avalía se os novos servizos significativos que pretenda prestar a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia se axustan

ao valor da misión de servizo público definida nesta lei e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Durante a avaliación daráselles audiencia ás persoas e aos grupos interesados e os resultados desta faranse públicos.

2. A autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida solicitar a súa intervención no caso de incumprimento por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da súa misión de servizo público.

Artigo 59. *Control por parte do Consello de Contas*

Correspóndelle ao Consello de Contas, no exercicio das funcións que estatutaria e legalmente ten atribuídas, o control periódico do financiamento público que reciba a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o establecido nesta lei.

Disposición adicional primeira. *Garantía do cumprimento dos principios e os criterios de nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

De o considerar necesario para garantir a maior efectividade dos principios e os criterios enumerados no número 2 do artigo 23, a Presidencia do Parlamento de Galicia poderá achegar un informe externo independente de valoración do currículo das persoas propostas como membros do Consello de Administración e como titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, emitido por unha entidade mercantil acreditada de auditoría de cumprimento corporativo, competencias e servizo público.

Disposición adicional segunda. *Garantía da constitución e da renovación no prazo da **Dirección Xeral**, órgano de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

Co fin de garantir a constitución e a renovación no prazo correspondente dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e de evitar a indebida prolongación das situacións de interinidade, de non se acadar a maioría de tres quintos establecida para a elección da persoa titular da Dirección Xeral no número 2 do artigo 34 dentro do prazo previsto no devandito precepto, a elección realizarase por maioría absoluta na seguinte sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogada a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e cantas disposicións de igual ou de inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

A disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.*

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A., réxese pola súa normativa específica. As previsións desta lei aplicaráselle cando a devandita normativa o estableza expresamente, así como nos aspectos non regulados por ela, neste último caso sempre que as previsións desta lei sexan compatibles coa natureza e carácter especial da sociedade».

Disposición derradeira segunda. *Cambio da denominación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., e adaptación dos estatutos sociais a esta lei*

1. A actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., mudará a súa denominación para asumir a de «Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.», prevista por esta lei. Todas as referencias que as normas en vigor realicen á Compañía de Radio-Televisión de Galicia ou á Corporación Radio e Televisión de Galicia entenderanse feitas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a xunta xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., aprobará, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, a modificación dos estatutos sociais que mude a denominación da sociedade para «Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.», e realice as demais adaptacións destes ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Primeira elección consonte o establecido por esta lei dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobará, consonte o Regulamento do Parlamento, as normas reguladoras do procedemento para a elección de acordo co establecido por esta lei da persoa titular da Dirección Xeral e dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Este procedemento garantirá que, antes de expirar o prazo sinalado no parágrafo anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros do Parlamento poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do pleno da elección dos órganos da sociedade.

2. Unha vez que entre en vigor a modificación dos estatutos sociais prevista na disposición derradeira segunda, entenderase expirado o mandato da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión das persoas que os substitúan, e procederase á súa renovación conforme o establecido por esta lei.

3. Para a primeira elección conforme o establecido por esta lei dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non se terán en conta os mandatos en que as persoas propostas, se for o caso, exercen os mesmos cargos cando a sociedade tiña a denominación de «Corporación Radio e Televisión de Galicia».

Disposición derradeira cuarta. *Primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

O primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia será tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia no prazo de seis meses, contados desde o nomeamento, de acordo co establecido por esta lei, da persoa titular da Dirección Xeral.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia e os órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para ditar cantas disposicións foren necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de febrero de 2025

Paloma Castro Rey

Secretaria da Comisión

V. e pr.

Julio García Comesaña

Presidente da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 21023)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 21033).

Santiago de Compostela, 03 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital [12/PL-000006 (doc. núm. 15320)]** que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2025 13:43:17





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2025 16:35:24
Nº Rexistro: 21033
Data envío: 28/02/2025 16:35:24.999

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentadas ao **Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital**, agás as aprobadas ou transaccionadas (12/PL-000006, doc. núm. 15320)

Santiago de Compostela, 28 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/02/2025 16:33:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71713

@PSdeG





Texto para Pleno

**RESUMO DAS EMENDAS AO PROXECTO DE LEI DE SERVIZOS DOS
MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA
PARA A SOCIEDADE DIXITAL**



Proxecto de lei: BOPG núm. 130, do 12/12/2024

Emendas ao articulado: BOPG núm. 152, do 05/02/2025

Informe da Ponencia: BOPG núm. 162, do 26/02/2025

Ditame da Comisión: BOPG núm. 166, do 04/03/2025



Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 1, de Modificación

TÍTULO I

Artigo 1.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n ° 1, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n ° 2, ao apartado 1, de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n ° 3, ao apartado 1 bis), de Adición

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 2, ao apartado 2. b bis), de Adición

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 3, ao apartado 2. b ter), de Adición

Artigo 2.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda n º 4, ao apartado 2, de Modificación

Artigo 3.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TÍTULO II

CAPÍTULO I

Artigo 4.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 5, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 5, ao apartado 1. d bis), de Adición

Artigo 5.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 7, ao apartado 1, de Modificación

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 6, ao apartado 2, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 8, ao apartado 2, de Modificación

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda n º 7, ao apartado 2 bis), de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 9, ao apartado 2 bis), de Adición

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 8, ao apartado 2 ter), de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 10, ao apartado 2 ter), de Adición

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 9, ao apartado 2 quater), de Adición

Artigo 6.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 10, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 11, de Adición

Artigo 7.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 11, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda n º 12, de Modificación

Artigo 8.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 12, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 13, ao apartado 1 bis), de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 14, ao apartado 1 ter), de Adición

Artigo 9.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 13, de Modificación

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 14, ao apartado 1, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 15, ao apartado 2 bis), de Adición

Artigo 10.

NON TEN EMENDAS

Artigo 11.



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 15, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 17, ao apartado 2, de Adición

CAPÍTULO II

Artigo 12.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 18, ao apartado d bis), de Adición

Artigo 13.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 14.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 15.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 19, ao apartado c), de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 20, ao apartado d bis), de Adición



Artigo 16.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 17.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TÍTULO III

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 16, de Modificación

CAPÍTULO I

Artigo 18.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 19.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 20.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 21.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 22.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO II



Sección 1ª.

Artigo 23.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 21, ao apartado 1, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 22, ao apartado 3 bis), de Adición

Sección 2ª.

Artigo 24.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 25.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 26.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 27.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 28.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 29.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**Artigo 30.****EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 23, ao apartado k), de Modificación

Artigo 31.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 32.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 33.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Sección 3ª.

Artigo 34.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 35.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 24, ao apartado 1, de Modificación

Artigo 36.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 37.



NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 38.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Sección 4ª.

Artigo 39.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Sección 5ª.

Artigo 40.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 41.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 25, ao apartado 1. c), de Modificación

Artigo 42.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 26, ao apartado 2. h), de Supresión

Artigo 43.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO III



Artigo 44.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 45.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 46.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 47.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 27, de Supresión

CAPÍTULO IV

Artigo 48.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 28, ao apartado 2, de Supresión

Artigo 49.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 50.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

CAPÍTULO V



Artigo 51.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 52.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 53.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 54.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 55.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 56.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 29, ao apartado 4, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 30, ao apartado 4 bis), de Adición

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 31, ao apartado 4 ter), de Adición

CAPÍTULO VI

Artigo 57.



NON SE PRESENTARON EMENDAS

Artigo 58.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 32, ao apartado 1, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 33, ao apartado 2, de Modificación

Artigo 59.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TÍTULO III bis).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 17, de Adición

Disposición adicional primeira.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 18, de Modificación

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 34, de Adición

Disposición adicional segunda.

**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 35, de Supresión

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 19, de Modificación

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 20, de Adición

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 21, de Adición

Disposición derogatoria única.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 22, de Modificación

Disposición derradeira primeira.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 23, de Modificación

Disposición derradeira segunda.

**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 24, de Supresión

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n ° 36, de Supresión

Disposición derradeira terceira.**EMENDAS MANTIDAS**

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº25, de Supresión

Disposición derradeira cuarta.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 26, de Supresión

Disposición derradeira quinta.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n ° 27, de Supresión

Disposición derradeira sexta.**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda n º 28, de Modificación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 29, de Modificación



Texto para Pleno

**PROXECTO DE LEI DE SERVIZOS DOS MEDIOS PÚBLICOS DE
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA PARA A SOCIEDADE
DIXITAL**

Proxecto de lei: BOPG núm. 130, do 12/12/2024

Emendas ao articulado: BOPG núm. 152, do 05/02/2025

Informe da Ponencia: BOPG núm. 162, do 26/02/2025

Ditame da Comisión: BOPG núm. 166, do 04/03/2025



DITAME DA COMISIÓN:

Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 1, de Modificación

Substituír ao longo de todo o texto o termo "Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSGA)" polo seguinte: "Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)".



DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto regular os servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma.

2. O obxecto desta lei inclúe:

a) A definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, o acordo da súa prestación, a súa misión e os seus principios.

b) A determinación do modelo de xestión do servizo e o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador deste.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 1, de Modificación

En todo o proxecto de lei, cando apareza a expresión "Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia" débese modificar polo seguinte contido: "Corporación da Radio e Televisión de Galicia".

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 2, ao apartado 1, de Adición

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 1 o seguinte contido:



Engadir in fine: "...na CRTVG."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 3, ao apartado 1 bis), de Adición

Débase engadir un novo punto 1 *bis* no artigo 1 que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *bis*. Este proxecto de lei denominarase Proxecto de lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital da Corporación da Radio Televisión de Galicia."

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 2, ao apartado 2. b bis), de Adición

Engadir un novo subapartado b bis) no apartado 2 do artigo 1 co seguinte texto:

"b *bis*) Definir a súa estrutura básica, así como os órganos e mecanismos de control da xestión e do cumprimento do servizo público de comunicación audiovisual."

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 3, ao apartado 2. b ter), de Adición

Engadir un novo subapartado b ter) no apartado 2 do artigo 1 co seguinte texto:

"b *ter*) Regular a natureza, a composición e as funcións da autoridade independente encargada de exercer as competencias en materia audiovisual no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. Definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia e acordo de prestación

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia é un servizo esencial de interese económico xeral, consistente na produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais diversos para todo tipo de públicos e de todo tipo de xéneros, a través de redes e de sistemas de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que estes permitan.

2. Acórdase a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 4, ao apartado 2, de Modificación

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 2 polo seguinte:

"2. Acórdase a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación da Radio e Televisión de Galicia."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. Ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia prestarán, en todo caso, o servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico. Poden prestar tamén servizos de comunicación audiovisual televisivos e servizos de comunicación sonora por petición, servizos a través de televisión conectada e calquera outro tipo de servizo de comunicación audiovisual que permitan os sistemas, redes e plataformas de Internet e que contribúan ao cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

2. Os servizos de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres que prestan os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia comprenden o ámbito xeográfico de cobertura coincidente co territorio da comunidade autónoma. Pódense estender ás comunidades autónomas limítrofes con afinidades lingüísticas e culturais logo do asinamento do oportuno convenio, nos termos que establece a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

A difusión dos demais servizos de comunicación audiovisual que presten os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non está suxeita a limitacións territoriais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

CAPÍTULO I

Misión do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4. *Misión*

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia ten como misión:

a) Promover, difundir e impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia. **Terá en conta, dentro deste punto, a comunidade galega emigrante.**

b) Difundir programas, contidos e servizos que fomenten os principios e os valores constitucionais e estatutarios; en especial, o principio de igualdade, con particular atención á igualdade entre mulleres e homes, a liberdade de información e a liberdade de expresión, para contribuír á formación dunha opinión pública plural.

c) Reflectir nos seus programas, contidos e servizos o pluralismo político, social e cultural da sociedade galega.

d) Promover o acceso da sociedade galega ao coñecemento cultural, científico, histórico e artístico, así como satisfacer a súas necesidades informativas, culturais, educativas e de entretemento con contidos de calidade, ademais de con programas especialmente dirixidos á infancia e á xuventude e mais á alfabetización mediática e dixital da cidadanía.



d *bis*) Promover o incremento e a divulgación do arquivo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia como exemplo de compendio da cultura contemporánea galega.

2. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non poden dedicar servizos a emitir en exclusiva comunicacións comerciais audiovisuais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 5, de Modificación

Substituír o texto do artigo 4 polo seguinte:

"Artigo 4. Misións específicas do servizo público audiovisual

1. En cumprimento da misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual galego, serán misións específicas as seguintes:

a) A promoción, o coñecemento e a difusión da lingua e a cultura galegas.

b) O impulso do coñecemento e o respecto dos valores e os principios contidos nos tratados e acordos internacionais sobre dereitos humanos, civís e políticos.

c) A transmisión dunha información veraz, obxectiva e respectuosa co pluralismo político, cultural e social.

d) A difusión da actividade do Parlamento, dos grupos parlamentarios e das organizacións políticas e sindicais, así como dos demais axentes sociais de Galicia.

e) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e da plena cobertura do conxunto do territorio galego, así como das



comarcas limítrofes a Galicia que presenten afinidades lingüísticas e culturais.

f) Asegurar o acceso de toda a cidadanía ás diferentes prestacións e contidos, garantindo a accesibilidade de maneira particular para as persoas con discapacidade.

g) A promoción activa da convivencia cívica, o desenvolvemento plural e democrático da sociedade, o coñecemento e o respecto ás distintas opcións e manifestacións políticas, sociais e culturais presentes no territorio galego.

h) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso dunha linguaxe non sexista.

i) A subministración de contidos e servizos audiovisuais dirixidos aos sectores máis amplos e diversos da audiencia, cunha atención especial aos colectivos máis vulnerables, promovendo o coñecemento, a influencia e o prestixio do servizo público dentro do marco xeral do espazo galego de comunicación audiovisual.

l) A definición, a aplicación e o impulso, dentro do ámbito galego de comunicación audiovisual, dun modelo de comunicación baseado na calidade, a diversidade na oferta, o fomento da innovación, o respecto dos dereitos das persoas consumidoras e a axenda ética e profesional.

m) Promover o acceso do conxunto da sociedade galega á formación, á difusión, ao coñecemento e á divulgación máximos dos principais acontecementos políticos, sociais, económicos, científicos e deportivos de Galicia.

n) Fomentar o coñecemento e a divulgación da nosa raizame histórica, preservando dunha forma especial a memoria histórica e o patrimonio das súas testemuñas.



- o) A difusión e a promoción das expresións e manifestacións culturais máis diversas, particularmente das vinculadas ao uso dos medios audiovisuais.
- p) A contribución a estreitar os vínculos e a cooperación cos países de lingua portuguesa, en particular establecer acordos estables de colaboración con entidades prestadoras de servizos audiovisuais para a produción e a difusión de contidos audiovisuais en lingua galega e portuguesa en Galicia e nos países de cultura lusófona.
- q) A contribución ao desenvolvemento das industrias culturais galegas, especialmente as audiovisuais, e a promoción da creación audiovisual e de novas formas de expresión neste ámbito.
- r) A difusión do servizo público de comunicación audiovisual galego alén do ámbito territorial de Galicia, como mecanismo de proxección exterior da lingua e cultura galegas, especialmente naqueles territorios con maior presenza da diáspora galega.
- s) A contribución ao desenvolvemento da sociedade do coñecemento e o fomento da produción de contidos audiovisuais e a promoción da creación dixital e multimedia en lingua galega, como contribución ao desenvolvemento das industrias culturais do noso país.
- t) A custodia e conservación de arquivos históricos audiovisuais de relevancia e interese para Galicia.
- u) Achegar á sociedade galega o arquivo audiovisual, co obxectivo de socializar a produción propia e tamén ofrecer un repositorio o máis completo posible da produción audiovisual galega a través da súa plataforma de contidos.
- v) A promoción dos valores da paz.
- x) O fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e a protección do medio.



z) A preservación dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como das persoas anciás."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 5, ao apartado 1. d bis), de Adición

Débase engadir un novo apartado d *bis*) no punto 1 do artigo 4 que quedará redactado co seguinte contido:

"d *bis*) Terá unha programación especial de información, acompañamento e axuda especiais para a poboación da terceira idade.Tendo en conta que Galicia é a comunidade coa taxa de envellecemento maior do territorio nacional. Esa programación dará a información relativa aos dereitos da cidadanía, para que poidan solicitar os de servizos da dependencia,toda vez que Galicia é unha das comunidades onde menos solicitan os dereitos que prevé a Lei de autonomía persoal."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 5. Servizos informativos

1. A misión de servizo público definida nesta lei implica que os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sexan conformados por profesionais da información, con suxeición aos principios xerais de programación e ás normas de estilo e autorregulación.

2. As normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia son un instrumento destinado a fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia dos contidos informativos ofrecidos polos devanditos medios, e responderán aos principios xerais que inspiran esta lei. Son aprobadas polo órgano colexiado de goberno e administración do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, despois de oír as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 7, ao apartado 1, de Modificación

Débase modificar o punto 1 do artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"1.A misión de servizo público definida nesta lei implica que os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sexan conformados por profesionais da comunicación e da información pertencentes ao cadro de persoal da CRTVG."



-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 6, ao apartado 2, de Modificación

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 5 polo seguinte texto:

"2. Co obxectivo de dar cumprimento ao punto anterior, a programación da Corporación RTVG, especialmente os servizos informativos, guiarase polos seguintes principios:

- a) A defensa da identidade nacional galega.
- b) O respecto á liberdade de expresión, obxectividade, imparcialidade, veracidade das informacións e a separación entre informacións e opinións.
- c) O respecto ao pluralismo político, social e cultural de Galicia.
- d) O respecto á intimidade, a honra e os dereitos e liberdades que protexen os tratados internacionais en materia de dereitos humanos.
- e) A non discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero; polas súas crenzas, opinións ou condición social, así como polas súas capacidades.
- f) A atención específica a colectivos sociais que así o requiran, como a infancia e a mocidade."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 8, ao apartado 2, de Modificación

Débase modificar o punto 2 do artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"2.O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia atenderá á distribución do territorio de xeito que potencie e conserve as actuais delegacións e incrementa, nas



cabeceiras de comarca do eido rural, unidades de produción que cubran as necesidades de recolección de novas, produción e proposición de programación. Este nova actuación está fundamentalmente baseada na misión de servizo público da CRTVG e na adecuación de dar soporte aos plans de impulso demográfico."

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 7, ao apartado 2 bis), de Adición

Engadir un novo apartado 2 bis)no artigo 5 co seguinte texto:

"2 *bis* O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galiza debe contar coa estrutura territorial necesaria, para atender á adecuada prestación da súa misión de servizo público, prover de contidos e contribuír ao desenvolvemento do conxunto do territorio galego."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 9, ao apartado 2 bis), de Adición

Débase engadir un novo punto 2 bis no artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Os programas de servizos informativos da CRTVG estarán na súa totalidade elaborados polo persoal da CRTVG, sen que ningunha das fases de elaboración destes programas poida ser externalizada ou parcialmente referenciada a empresas externas. Para iso, a CRTVG presentará anualmente unha planificación de necesidades de índole variada que puiden ser necesarias para a elaboración na súa totalidade destes programas que dean cobertura aos servizos informativos."

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego



Emenda n º 8, ao apartado 2 ter), de Adición

Engadir un novo apartado 4 no artigo 5 co seguinte texto:

"4. A CRTVG non poderá ceder a terceiros a realización e edición de programas informativos nin daqueles outros que expresamente determinen o mandato estratéxico e o contrato-programa, de acordo co previsto nesta lei. Enténdese por realización e edición de programas informativos o proceso necesario para a definición do programa, do seu contido, a forma da súa divulgación e calquera outro aspecto da cadea de creación relacionado coa definición da información mesma. Só se lles poderá encomendar a terceiros a colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 10, ao apartado 2 ter), de Adición

Débase engadir un novo punto 2 *ter* no artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *ter*.Ao igual que o resto da programación da CRTVG, a concepción, produción e edición dos servizos informativos realizaranse seguindo o manual de estilo da CRTVG, que será aprobado, como de habitude noutros medios, polo Consello de Informativos."

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 9, ao apartado 2 quater), de Adición

Engadir un novo apartado 5 no artigo 5 co seguinte texto:



"5. Os servizos informativos traballarán de conformidade cos principios xerais de programación e coas normas recollidas no manual de estilo da CRTVG, que serán redactadas e aprobadas polo Consello de Informativos."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. Impulso da produción propia

A misión de servizo público dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o impulso da produción propia dos seus programas, contidos e servizos, de forma que esta abrangha a maioría dos programas difundidos polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal nas canles xeneralistas, atendendo aos recursos materiais e humanos de que dispoña o prestador do servizo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 10, de Modificación

Substituír o texto do artigo 6 polo seguinte:

"Artigo 6. *Impulso da produción propia*

1. A misión de servizo público dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o impulso da produción propia dos seus programas, contidos e servizos, de forma que esta abrangha a maioría dos programas difundidos polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal nas canles xeneralistas.

2. As porcentaxes mínimas de produción propia interna que deberá manter a CRTVG, así como as de produción propia externa e produción allea, quedarán definidas no mandato estratéxico e no contrato-programa, co obxectivo de fixar porcentaxes mínimas de produción propia que deberán desenvolverse integramente con recursos materiais e humanos propios da CRTVG, distinguíndoos daqueles que proveñen doutras empresas, entendidos como produción propia externa, así como da produción allea, procedente doutros provedores."



-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 11, de Adición

Débase modificar o artigo 6 que quedará redactado co seguinte contido:

"1. A CRTVG, de cara a cumprir coa súa misión explicitada alínea a) do artigo 4 («Promover, difundir e impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística do país») deseñará, producirá e promoverá liñas específicas para blindar a produción propia segundo o previsto legalmente e incrementará esta en consonancia cos incrementos orzamentarios anuais.

2. As liñas de programación terán coma finalidade promover e dar acubillo non só aos servizos informativos, senón á programación xeneralista, de xeito que incremente o interese da proposta da CRTVG e contribúa como plataforma de promoción e divulgación da programación de entretemento e ficción.

3. As porcentaxes de produción externa e produción allea serán presentadas nun plan estratéxico anual, de xeito que o Consello Informativo, en primeira instancia, e o Consello de Administración o refrende. Será publicitada a través do Portal de Transparencia da propia CRTVG."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. Uso da lingua

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia producirán os seus programas, contidos e servizos en lingua galega e garantirán a edición e difusión en galego dos programas, os contidos e os servizos de produción allea, sen prexuízo da posibilidade de utilizaren adicionalmente outras linguas cando así o xustificar a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 11, de Modificación

Substituír o texto do artigo 7 polo seguinte:

"Artigo 7. *Uso da lingua*

1. A lingua oficial da Corporación RTVG será o galego, tanto nas súas relacións internas como externas e, xa que logo, a prestación do servizo de comunicación audiovisual será en lingua galega, así como as comunicacións que efectúe o persoal dependente desta no exercicio dos seus cometidos.

2. Para dar cumprimento á súa misión de servizo público, en tanto que impulsora da normalización de usos da lingua galega, a Corporación RTVG prestará especial atención ao uso do galego nos programas, contidos e servizos audiovisuais dixitais e baixo petición, dirixíndose de maneira específica ao público infantil e xuvenil."

-Do G.P Socialistas de Galicia



Emenda n ° 12, de Modificación

Débase modificar o artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 7. *Uso da lingua*

1. A lingua oficial da CRTVG é a lingua galega. A súa empregabilidade rexe tanto para as súas comunicacións internas de funcionamento ordinario como para a produción propia, a produción externa ou a produción allea que teña lugar.

2. A CRTVG será un dos máis importantes promotores para o mantemento, divulgación e incremento da empregabilidade da lingua galega na sociedade. Isto supón ofrecer, dentro das liñas de programación, unha especial atención a programas e servizos que axuden ao mantemento da lingua galega en todos os estamentos sociais, con especial atención á poboación infanto-xuvenil, así como unha programación de apoio para que mestres e institucións públicas teñan un apoio no uso e difusión da lingua.

3. A CRTVG recuperará e implementará o recollido na Lei Paz Andrade de apoio á lusofonía, tendo en conta que a lingua portuguesa supón incrementar competencias para a poboación galega e mesmo un alicerce para o emprego de habitude da lingua galega."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 8. Procesos electorais

Durante os procesos electorais aplicarase o réxime especial que establezan as normas electorais. O control do cumprimento do devandito réxime correspóndelle á xunta electoral competente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 12, de Modificación

Substituír o texto do artigo 8 polo seguinte:

"Artigo 8. *Programación en procesos electorais*

1. No transcurso dos procesos electorais será aplicable a lexislación electoral, cuxo control corresponde á Xunta Electoral competente, que se comunicará a través do Consello de Administración e da Dirección Xeral da Corporación RTVG.

2. En todo caso, a Corporación RTVG garantirá o dereito de acceso da poboación á información electoral, especialmente a través da programación de debates entre as distintas opcións políticas, que se difundirán en horario de máxima audiencia."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 13, ao apartado 1 bis), de Adición

Débase engadir un novo punto 1 bis no artigo 8 que quedará redactado co seguinte contido:

"1 bis. A CRTVG é un medio público de máxima relevancia para a transmisión da información política electoral. A través do servizo de



información electoral, a CRTVG terá a obriga de garantir o dereito das galegas e galegos a coñeceren os programas presentados polos partidos políticos e as opcións de voto."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 14, ao apartado 1 ter), de Adición

Débese engadir un novo punto 1 *ter* no artigo 8 que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *ter*.A equidade da CRTVG para que a cidadanía poida acceder a información electoral será revisada polo Consello Informativo, de xeito que en ningún momento poidan ser vulnerados os dereitos dos informadores."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. Dereito de acceso

1. O dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia materialízase a través dos seguintes medios:

a) A participación dos grupos sociais, políticos e sindicais representativos, como fontes e portadores de información e opinión no conxunto dos programas, os contidos e os servizos.

b) O establecemento de espazos específicos nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico fixados polo órgano colexiado de goberno e administración do prestador do servizo, após oír o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.

2. Garantirase a dispoñibilidade de medios técnicos e humanos para a realización dos espazos necesarios para o correcto exercicio do dereito de acceso.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 13, de Modificación

Substituír o título do artigo 9 polo seguinte:

"Artigo 9. *Pluralismo e dereito de acceso*".

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 14, ao apartado 1, de Modificación

Substituír o texto do apartado 1 do artigo 9 polo seguinte:



"1. A Corporación RTVG asegurará na súa programación a expresión do pluralismo social, ideolóxico, político e cultural existente na sociedade galega, en particular a través de:

- a) A participación dos grupos sociais e políticos significativos e representativos, como fontes portadoras de opinión e información no conxunto da programación.
- b) A adecuación da programación e os contidos audiovisuais á franxa horaria e medios tecnolóxicos que máis se acheguen ao público potencial."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 15, ao apartado 2 bis), de Adición

Débase engadir un novo punto 2 *bis* no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Establecerase unha campaña de difusión para informar a cidadanía de como se procede na construción dos espazos e os límites destes."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. Alfabetización mediática e dixital

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia cumprirán a súa misión de servizo público de alfabetización mediática contribuíndo, en colaboración co sistema educativo, a desenvolver competencias, coñecementos, destrezas e actitudes de comprensión e valoración crítica que permitan a cidadanía de todas as idades acceder e analizar criticamente a información, discernir entre feitos e opinións e recoñecer as noticias falsas e os procesos de desinformación.

2. Así mesmo, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán co sistema educativo na alfabetización dixital da cidadanía, co fin de promover o uso e o acceso responsable aos datos, ás redes sociais e ás ferramentas de intelixencia artificial, algoritmos e sistemas de recomendación por parte dos distintos sectores da sociedade galega, especialmente aqueles máis necesitados de actuacións de mellora das competencias, dos coñecementos, das destrezas e das actitudes que lles permitan utilizar con eficacia e con seguridade os servizos de información e de comunicación.

2 bis. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia promoverá contidos que axuden a poboación de idade avanzada para estimular o envellecemento activo e paliar a soidade non desexada.

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. *Promoción do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente*

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, contribuirán ao desenvolvemento do sector audiovisual para a mellora da súa achega á economía galega.

2. En particular, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia promoverán e difundirán as obras audiovisuais de produción independente realizadas en Galicia.

3. No marco do previsto neste artigo, e de acordo cos principios de subsidiariedade e complementariedade, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia participarán, xunto coas administracións públicas e o sector audiovisual, nos programas sectoriais de actuación que contribúan a consolidar a produción cinematográfica e audiovisual galega, a ficción e os documentais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 15, de Modificación

Substituír o texto do artigo 11 polo seguinte:

"Artigo 11. *Apoio á produción galega e independente*

1. A difusión de obras galegas, europeas e independentes por parte da Corporación RTVG queda suxeita ao disposto na normativa aplicable en materia audiovisual.



2. A Corporación RTVG deberá destinar todos os anos, como mínimo, un seis por cento da cifra total de ingresos obtidos no exercicio anterior, consonte a súa conta de explotación, ao financiamento avanzado da produción de obras cinematográficas, filmes de ficción, apoio a novas persoas creadoras e experimentais, documentais e series de animación.

3. O contrato-programa concretará a porcentaxe de financiamento que debe destinarse a obras galegas fixando unha porcentaxe mínima específica para a produción audiovisual feita por produtoras galegas independentes.

4. Co obxectivo de garantir os principios de transparencia, libre concorrència e competitividade no financiamento e escolla de proxectos, a Corporación da RTVG deberá constituír no seu seo unha comisión de valoración cuxas persoas integrantes deben ser coñecidas publicamente, que avaliará as convocatorias anuais de concorrència competitiva en materia de produción audiovisual. Estas convocatorias anuais serán publicadas a comezos de cada ano e guiaranse por criterios obxectivos e obxectivables."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 17, ao apartado 2, de Adición

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 11 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "Este apoio reflectirase nunha programación continuada e específica da devandita produción, así como na inclusión desta a través das seus programas informativos."



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 12. Principios

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia actuarán no desempeño da misión de servizo público definida nesta lei con suxeición aos seguintes principios:

a) Respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios.

b) Universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual.

c) Veracidade da información.

d) Independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade.

e) Innovación e excelencia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 18, ao apartado d bis), de Adición

Débase engadir unha nova letra d *bis*) no artigo 12 que quedará redactada co seguinte contido:

"d *bis*) Adhesión ao Regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación (1083/2024)."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. Principio de respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios

O respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios no ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe, en particular:

a) O respecto da honra, da intimidade e da propia imaxe das persoas e mais a garantía dos dereitos de rectificación e de réplica.

b) O respecto do pluralismo ideolóxico, político, social e cultural da sociedade galega.

c) A non-discriminación das persoas por razón de idade, sexo, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, raza, cor, orixe étnica ou social, características sexuais ou xenéticas, lingua, relixión, crenzas, opinións políticas ou de calquera outro tipo, nacionalidade, patrimonio, nacemento ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) A promoción da igualdade entre mulleres e homes, transmitindo unha imaxe igualitaria e non-discriminatoria.

e) A difusión dunha imaxe axustada, respectuosa, apreciativa, inclusiva e libre de estereotipos das persoas con discapacidade.

f) A protección da xuventude e da infancia fronte aos contidos que poidan afectar negativamente a súa saúde ou o adecuado desenvolvemento da súa personalidade, con especial atención á prevención de condutas adictivas.

g) A protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en relación coa publicidade e con outras modalidades de comunicación comercial audiovisual.



h) A contribución á conciliación da vida persoal e familiar, mediante a racionalización dos horarios no servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto.

i) O respecto dos dereitos de propiedade intelectual.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. Principio de universalidade no acceso ao servizo

Para a efectividade do principio de universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garantirán:

a) A maior cobertura territorial posible do territorio da comunidade autónoma de Galicia polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e o servizo de comunicación audiovisual radiofónico, así como a súa máxima continuidade, tendo en conta as obrigas legais e as recomendacións aplicables.

b) A accesibilidade universal aos servizos de comunicación audiovisual, con especial atención ás persoas con diversidade funcional, mediante recursos factibles, ferramentas e pautas de accesibilidade visual, auditiva e cognitiva, incluídos a tradución audiovisual, a audiodescrición, o subtitulado e o emprego da lingua de signos, así como da aprendizaxe a través de Internet.

c) A difusión en aberto dos servizos de comunicación audiovisual que se presten en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei. Unicamente poderán ser de acceso condicionado aqueles servizos excluídos do ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia polo mandato estratéxico do prestador do servizo.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. Principio de veracidade da información

Consonte o principio de veracidade da información, os contidos informativos que difundan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse aos seguintes criterios:

- a) Veracidade, calidade, obxectividade e imparcialidade.
- b) Diferenciación, de forma clara e comprensible, entre información e opinión.
- c) Respecto do pluralismo político, social e cultural, ben como da libre expresión das opinións.
- d) Fomento da libre formación da opinión do público.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 19, ao apartado c), de Adición

Débase engadir ao final da letra c) do artigo 15 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "Así como o cumprimento da perspectiva de xénero."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 20, ao apartado d bis), de Adición

Débase engadir unha nova letra d *bis*) no artigo 15 que quedará redactada co seguinte contido:

"d *bis*)Implemento de programas de detección de *fake news*."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 16. Principios de independencia, de rendición de contas, de transparencia e de responsabilidade

1. A independencia e a rendición de contas dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garántense a través do réxime organizativo e de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que se establece no título III desta lei.

2. A xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia axustarase aos principios de transparencia e responsabilidade. Deberanse asumir e implantar de maneira efectiva criterios de sustentabilidade social empresarial.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. Principios de innovación e de excelencia

En cumprimento dos principios de innovación e de excelencia, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán a produción audiovisual de calidade e a súa difusión en todas as modalidades que permita o estado da tecnoloxía.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III

Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 16, de Modificación

Substituír o contido do TÍTULO III polo seguinte:

"TÍTULO III

Da Corporación Radio e Televisión de Galicia

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 18. Natureza xurídica

1. A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico, sen prexuízo das garantías de independencia recollidas nesta lei. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. A Corporación RTVG terá a forma de sociedade anónima e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.



3. A Corporación RTVG non poderá contar con participación privada no seu capital, nin tampouco poderán estar presente nos seus órganos de administración e xestión persoas ou entidades en representación de intereses privados.

4. A Corporación RTVG gozará de autonomía na súa xestión e actuará con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A xestión da Corporación RTVG deberá realizarse de acordo cos criterios de transparencia empresarial e de responsabilidade social empresarial consonte recolle a lexislación vixente.

Artigo 19. *Réxime xurídico*

1. A Corporación RTVG rexerase, en primeiro lugar, por esta lei, polos seus estatutos sociais e pola Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual ou por calquera outra que a substitúa. En segundo lugar, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e, na falta da normativa anterior, pola lexislación mercantil.

2. Os estatutos sociais da Corporación RTVG incorporarán as previsións establecidas nesta lei relativas aos órganos internos e ás súas competencias.

3. Os estatutos sociais da Corporación RTVG e as súas modificacións serán aprobadas pola xunta xeral de accionistas, logo do acordo favorable do Consello da Xunta, e inscribíranse no Rexistro Mercantil.

4. O obxecto social da Corporación RTVG deberá incluír a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos nesta lei, así como todas aquelas actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.



5. Os acordos ditados polos órganos de goberno da Corporación RTVG e as pretensións que se deduzan deles son competencia da xurisdición que corresponda en cada caso, sen necesidade de formular reclamación previa nin recurso administrativo ningún.

Artigo 20. Estrutura da Corporación Radio e Televisión de Galicia

1. A Corporación RTVG deberá contar coa estrutura suficiente e necesaria para asegurar o cumprimento da misión de servizo público encomendada e para facilitar a provisión de contidos territoriais na súa programación.
2. A Corporación RTVG poderá constituír ou participar no capital de toda clase de entidades que adopten a forma de sociedade mercantil e cuxo obxecto social estea vinculado coas actividades e funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou perda da participación maioritaria da Corporación RTVG no capital social das devanditas sociedades requirirá a previa autorización do Consello da Xunta.
3. Malia o sinalado na liña anterior, a Corporación RTVG non poderá participar, directa ou indirectamente, no capital social de prestadores privados do servizo de comunicación audiovisual.

Artigo 21. Cooperación

Para a mellor consecución das funcións de servizo público audiovisual, a Corporación RTVG poderá subscribir convenios de cooperación e colaboración con outras entidades de servizo público de noticias, radio e televisión, coas administracións públicas ou coas entidades delas dependentes.



Artigo 22. Operacións de fusión, escisión e disolución

1. As operacións de fusión ou escisión da Corporación RTVG requirirán o acordo favorable do Consello da Xunta.
2. A disolución da Corporación RTVG requirirá o acordo favorable do Consello da Xunta, despois de oír o Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO II

Principios, planificación e control do servizo público audiovisual

Artigo 23. Principios de funcionamento da Corporación RTVG

O funcionamento da Corporación RTVG axustarase aos seguintes principios:

- a) A autonomía en relación ao Goberno da Xunta de Galicia, no marco das estipulacións do mandato-estratéxico e do contrato-programa, e con relación á xestión directa e ordinaria do servizo público audiovisual.
- b) A garantía de xestión directa do servizo, en particular en relación aos contidos e formatos que deben configurar as correspondentes prestacións do servizo público audiovisual en cumprimento desta lei e do contrato-programa.
- c) A garantía de participación dos grupos sociais e profesionais a través da súa integración nun órgano de natureza consultiva e asesora.
- d) O sometemento á fiscalización e control financeiro externo do Consello de Contas sobre a súa actividade, así como ao control da súa actividade económica-financeira por parte da Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma, nos termos previstos para as entidades públicas empresariais do sector público galego.

e) A aprobación dunha liña editorial autónoma, en consonancia co que se estableza no contrato-programa, baixo a supervisión dun órgano específico onde se reflicta a pluralidade política e social.

Artigo 24. Planificación plurianual da función de servizo público audiovisual da Corporación RTVG

1. O Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos, aprobará o mandato-estratéxico da Corporación RTVG no que se concretarán os obxectivos xerais da función do servizo público audiovisual para un período de nove anos.

2. Os obxectivos aprobados no mandato-estratéxico serán desenvolvidos a través de contratos-programa, onde se recollerán de xeito preciso as misións específicas para un período de tres anos. En particular, incluirán:

a) As achegas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación do servizo público audiovisual.

b) Os contidos de servizo público que deba emitir a Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xénero de programación.

c) A concreción da emisión de publicidade, fixando criterios básicos sobre o contido das mensaxes publicitarias e a adecuación dos tempos á programación e necesidades dos medios.

d) O establecemento dos criterios para o acceso dos grupos políticos e sociais representativos.



- e) A fixación das cotas de produción exixidas polo normativa audiovisual, así como os criterios de selección.
- f) A determinación dos parámetros de eficiencia económica e garantía de calidade dos servizos.
- g) Asegurar a transparencia na xestión, dando unha periódica rendición de contas ao Parlamento.
- h) Establecer os indicadores obxectivos para levar a termo a avaliación do contrato-programa.

3. Os contratos-programa serán aprobados polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, logo de proposta formulada polo Consello de Administración da Corporación RTVG.

Artigo 25. Control parlamentario da función de servizo público audiovisual

1. Correspóndelle ao Parlamento de Galicia o control da actuación da Corporación RTVG a través da Comisión Permanente para o Control da CRTVG constituída de conformidade co que dispoña o Regulamento do Parlamento.

2. Para este efectos, e consonte o procedemento que dispoña o Parlamento de Galicia, a devandita Comisión exercerá as seguintes funcións:

- a) Analizar con carácter anual o informe de execución da prestación do servizo público audiovisual, referido ao conxunto da súa actividade.
- b) Facer un seguimento con carácter semestral da execución do contrato-programa en vigor, sen prexuízo de poder realizalo cando así for requirido de xeito motivado por iniciativa dalgún grupo parlamentario.



c) Analizar os orzamentos anuais da Corporación RTVG, a través da remisión da información contable necesaria e das comparecencias dos membros dos órganos de administración e xestión desta.

d) Facer un seguimento dos contidos, programación e actividade en relación coas misións e principios de servizo público.

e) Realizar o exame das capacidades, méritos e idoneidade das persoas que vaian formar parte dos órganos de administración, dirección e control, de acordo co previsto nesta lei.

3. Así mesmo, o Pleno do Parlamento de Galicia designará os membros dos órganos de dirección, xestión e control nos termos previstos nesta lei.

CAPÍTULO III

Organización da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Artigo 26. Órganos

1. A Corporación RTVG estrutúrase nos seguintes órganos de administración, dirección e control:

a) Consello de Administración

b) Dirección Xeral

c) Consello Asesor

d) Consello de informativos

2. Os distintos órganos da Corporación RTVG deberán actuar consonte os principios recollidos nesta lei, estando sometidos ao control e dación de contas dos órganos correspondentes, así como ao



control parlamentario. Para estes efectos, todas as persoas que integren os órganos descritos no punto anterior están obrigadas a compareceren perante o Parlamento de Galicia cando sexan requiridas para iso, así como a daren conta da súa xestión nos termos que interese ao Parlamento. A negativa ao cumprimento desta obriga será causa de cese, sen prexuízo das responsabilidades en que puideron incurrir.

Sección 1ª. Consello de Administración

Artigo 27. Composición e elección

1. O Consello de Administración da Corporación RTVG estará conformado por 6 persoas, máis aquela que asuma a Dirección Xeral.
2. O Parlamento de Galicia designará as persoas que integran o Consello de Administración da Corporación RTVG, logo da súa selección a través do procedemento previsto nesta lei e das súas normas de desenvolvemento.
3. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do Consello de Administración designados polo Parlamento de Galicia.
4. A selección das persoas que integran o Consello de Administración da Corporación RTVG será efectuada a través dun concurso público, de acordo co procedemento determinado por esta lei.
5. As persoas que se candidataren para integrar o Consello de Administración deben contar con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio no eido da comunicación.
6. O seu mandato terá unha duración de cinco anos e poderá ser renovable por outro mandato de igual duración. Unha vez esgotado o



mandato ,as conselleiras e conselleiros saíntes continuarán nas súas funcións ata o nomeamento das novas.

7. No caso de cese por motivos distintos ao da expiración do mandato, a designación das novas conselleiras e conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que restase de mandato ás persoas que vaian substituír.

Artigo 28. Normas básicas para os procesos de selección do Consello de Administración

1. Para a escolla das persoas que integrarán o Consello de Administración da Corporación RTVG será convocado un concurso público ao que poderán optar todas aquelas persoas que reúnan as condicións de idoneidade, capacitación e prestixio profesional que se establezan na convocatoria.

2. A convocatoria será efectuada polo pleno do Parlamento de Galicia, que aprobará as bases do concurso e definirá os requisitos, méritos e capacitación que deberán acreditar as persoas candidatas.

3. Así mesmo, designará xunto coa aprobación da convocatoria un comité de persoas expertas composto por persoas de recoñecida competencia e experiencia profesionais acreditadas no eido da comunicación superior a dez anos, respectando o equilibrio de xénero. A designación farase por proposta dos grupos parlamentarios e serán nomeadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentarios ou por aqueles que representen tres quintas partes das deputadas e deputados do Parlamento de Galicia.

Para os efectos de efectuar a proposta, por un prazo mínimo de dez días, darase publicidade na web do Parlamento para que os sindicatos, entidades profesionais e asociativas no eido da



comunicación acheguen propostas de expertos para formaren parte da devandita comisión.

4. O Comité de persoas expertas efectuará unha valoración fundada das persoas que concorran no concurso público, e elevará unha proposta á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, indicando ademais a persoa idónea para ser designada na Dirección Xeral. Para tal fin, as persoas candidatas deberán achegar, no prazo e termos fixados polas bases de convocatoria, un proxecto para os medios públicos audiovisuais de Galicia.

5. Os informes de avaliación serán públicos e remitidos á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, que recibirá en audiencia as persoas candidatas para verificar a idoneidade en relación cos méritos e capacidades que fosen validados polo Comité de persoas expertas.

6. A Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG elevará a proposta da selección ao pleno do Parlamento de Galicia para aprobar, por maioría de dous terzos, o nomeamento dos membros do Consello de Administración e a súa Dirección Xeral.

Artigo 29. Cesamento das persoas integrantes do Consello de Administración

1. As conselleiras e conselleiros cesarán no seu cargo por:

a) Denuncia expresa notificada fidedignamente á Corporación RTVG.

b) Expiración do seu mandato.

c) Separación aprobada por maioría de dous terzos do Parlamento de Galicia, por causa de incapacidade permanente para o exercicio do cargo, condena firme polo comisión de calquera delito doloso, incompatibilidade sobrevida ou deixación das súas funcións.



d) Incorreren nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na presente Lei.

Agás no suposto da alínea b), o cese producirá efectos inmediatos, debendo procederse dun xeito inmediato á substitución das vacantes segundo o previsto no artigo 18 desta lei.

2. Cesarán todas as persoas que integran o Consello de Administración no caso en que:

a) Existan perdas continuadas que orixinen unha redución do patrimonio a unha cantidade inferior ao inicial.

b) Que da liquidación do orzamento anual da entidade pública empresarial se constate unha desviación orzamentaria superior ao 10 por 100, tanto na conta de explotación como de capital, sen ter solicitado autorización ao Parlamento de Galicia.

No caso de cese polos motivos regulados neste apartado, os membros do Consello de Administración permanecerán en funcións até a designación dun novo Consello de Administración.

Artigo 30. Estatuto persoal

1. As persoas que integran o Consello de Administración da Corporación RTVG terán adicación exclusiva e estarán suxeitas ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da administración galega, sendo ademais incompatíbel con cargo público electivo.

2. As súas retribucións virán fixadas na Lei xeral de orzamentos de cada anualidade, sen que poidan superar en ningún caso a prevista para a Dirección Xeral da Corporación.

3. As persoas que integran o Consello de Administración non poderán ter interese directa ou indirectamente nas empresas audiovisuais, discográficas, cinematográficas, de vídeo, prensa, publicidade,



servizos informáticos, telecomunicación, servizos da sociedade de información ou calquera outro tipo de entidade relacionada co subministro, dotación de material ou programas da Corporación RTVG.

4. As conselleiras e conselleiros exercerán o seu cargo con suxeición aos deberes de dilixente administración, fidelidade e responsabilidade.

Artigo 31. *Competencias e funcións*

1. O Consello de Administración da Corporación RTVG será o responsábel do cumprimento dos obxectivos xerais, así como dos principios de programación e da boa administración e goberno da Corporación.

2. O Consello de Administración terá as seguintes competencias:

- a) A representación e administración da Corporación RTVG.
- b) A aprobación da organización básica da Corporación RTVG e as súas modificacións.
- c) O nomeamento e cese do persoal directivo da CRTVG.
- d) A supervisión do labor de dirección da Corporación.
- e) Velar polo cumprimento da normativa audiovisual, da presente Lei, dos Estatutos sociais e das resolucións e acordos da autoridade audiovisual.
- f) Cumprir e facer cumprir os acordos e resolucións do Parlamento de Galicia en virtude da súa función de control da Corporación RTVG.
- g) Aprobar, por proposta da Dirección Xeral, o plan xeral de actuación da Corporación RTVG no cumprimento das súas funcións e os plans



de programación das distintas canles de radio e televisión públicas e demais servizos audiovisuais do ente.

h) Conferir e revogar poderes.

i) Aprobar con carácter definitivo os cadros de persoal da Corporación, así como as súas modificacións, e autorizar a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos selectivos.

l) Aprobar o réxime de retribucións da CRTVG.

m) Aprobar as normas reguladoras de emisión de publicidade a través CRTVG tendo en conta o control de calidade da mesma, o contido das mensaxes publicitarias e a adecuación do tempo de emisión da publicidade á programación e ás necesidades dos medios.

n) Velar polo cumprimento do principio de pluralismo político, social e cultural na programación.

p) Aprobar o regulamento interno e demais normas de funcionamento do consello de administración.

q) Actuar como órgano de contratación no caso de contratos administrativos que supoñan a asunción de compromisos de gasto de carácter plurianual, así como os que o Consello de Administración determine por razón da contía e teña n vixencia anual, así como aprobar calquera outros contratos, convenios, acordos ou negocios xurídicos que supoñan a asunción de compromisos de gasto plurianual, así como os que o Consello de Administración determine por razón da contía e teñan vixencia anual.

r) Aprobar o informe anual sobre axestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuídas.

s) Asinar o correspondente contrato-programa e subscribir os acordos dos que se deriven obrigas de carácter económico-financeiro asumidas pola CRTVG en razón do seu carácter público, así como previamente, informar sobre a proposta de mandato-estratéxico, do



contrato-programa e sobre as liñas básicas da programación en desenvolvemento dos devanditos instrumentos.

t) Formular as contas anuais do exercicio e propor a aplicación de resultados.

u) Aprobar o proxecto de orzamentos anuais de explotación e capital da CRTVG así como os plans financeiros plurianuais previstos na normativa de réxime orzamentario aplicábel ás entidades do sector público galego.

v) Aprobar calquera informe que a CRTVG eleve ao Parlamento de Galicia, ao goberno da Xunta de Galicia ou ás autoridades audiovisuais,.

w) Promover, se for o caso, a acción de responsabilidade contra os administradores ou persoal directivo que teña ao seu cargo fondos da entidade, así como a súa transacción ou renuncia.

x) Aprobar a composición das comisións e órganos destinados a garantir o control interno e a independencia profesional dos servizos informativos,

3. Os Estatutos Sociais da Corporación RTVG desenvolverán o funcionamento interno do Consello de Administración e as facultades da Dirección Xeral.

4. O Consello de Administración poderá delegar as súas facultades, por maioría de dous terzos do número total de membros, agás as que sexan indelegábeis por razón legal, así como as previstas nas alíneas b),c),g),h),i),l),m),n),o),p),q),r),u) e x) do apartado 2 do presente artigo. En ningún caso, as delegacións poderán ter carácter permanente.

5. Os acordos do Consello de Administración aprobaranse por maioría simple dos seus membros, agás os relativos ós alíneas b),c),g),h),i),l),m),n),o),p),q),r),u) e x) do apartado 2 do presente artigo,



que requirirán maioría de dous terzos do número total de membros do Consello de Administración.

Artigo 32. A Presidencia do Consello de Administración

1. O Consello de Administración designará, na súa sesión constitutiva, presidida pola conselleira ou conselleiro de maior idade, a persoa titular da Presidencia do Consello de Administración.
2. A Presidencia do Consello de Administración será puramente funcional e exercerase de maneira rotatoria entre as persoas que integran o órgano, excluída a Dirección Xeral, por un período de seis meses.
3. A Presidencia do Consello de Administración terá como funcións a de convocar as sesións do consello, así como ordenar os debates, conducir as deliberacións e prestar o seu visto e prace ós actas do dito órgano.

Artigo 33. A Secretaría do Consello de Administración

1. O Consello de Administración terá unha Secretaría, cuxa persoa titular non terá o carácter de conselleira e actuará con voz pero sen voto.
2. A designación e o cese da persoa titular da Secretaría corresponderá ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade consonte o que establezan os Estatutos Sociais.
3. A persoa titular da Secretaria terá as funcións que lle asignen os Estatutos sociais e, en todo caso, as de erguer as actas das sesións do Consello de Administración, certificar os seus acordos e asesorar en dereito ao Consello.



4. Á persoa titular da Secretaría do Consello de Administración seralle de aplicación o réxime de incompatibilidades e deberes previsto no artigo 17 desta lei, agás o relativo ó adicación exclusiva.

Sección 2ª. Dirección Xeral

Artigo 34. Elección, nomeamento e cese

1. A Dirección Xeral da Corporación RTVG é o órgano executivo da mesma. Como tal, asumirá a representación institucional do Consello de Administración e da entidade, alén das atribucións que lle confiren esta lei e os Estatutos Sociais

2. A Dirección Xeral forma parte do Consello de Administración, tendo voz e voto nas súas reunións, correspondéndolle ademais, nos supostos de ausencia da persoa titular da Presidencia á que se refire o artigo 22 desta lei efectuar a convocatoria do Consello e presidir as súas deliberacións.

3. O nomeamento da Dirección Xeral da Corporación RTVG será efectuado polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos da Cámara previa escolla por concurso público no marco do procedemento determinado pola presente lei para o Consello de Administración.

4. O seu mandato será por cinco anos e, a mesma persoa, poderá ser reelixida no cargo unha soa vez, sen prexuízo de continuar en funcións até a designación dunha nova Dirección Xeral por un tempo máximo dun ano.

No caso de cese polas causas previstas nos apartados a), c), d) e e) do artigo 19 desta lei, os seus efectos serán inmediatos, asumindo as súas funcións interinamente a conselleira ou conselleiro de maior



idade até ser designada unha nova Dirección Xeral con arranxo ao procedemento disposto nesta lei.

Artigo 35. *Incompatibilidades*

1. O cargo de Dirección Xeral estará afectado polas mesmas incompatibilidades que as sinaladas para as persoas integrantes do Consello de Administración.
2. Asímesmo, tamén se considerará causa de incompatibilidade a vinculación con entidades públicas ou privadas de medios de comunicación social.

Artigo 36. *Facultades*

1. A Dirección Xeral ostentará as funcións de administración e representación que lle confire esta lei e os Estatutos sociais da Corporación RTVG e actuará baixo a vixilancia do Consello de Administración e sometida ao control do Parlamento de Galicia.
2. Asemade, a Dirección Xeral exercerá a dirección executiva ordinaria da Corporación consonte os criterios, obxectivos xerais e instrucións que estableza o Consello de Administración. En particular, ostentará a representación legal da CRTVG para a realización daqueles actos que sexan necesarios para o exercicio da dirección executiva ordinaria, podendo celebrar, no marco das súas facultades, os actos, contratos, ou negocios xurídicos que sexan precisos para a realización do obxecto social, así como comparecer en xuízo e conferir os oportunos apoderamentos.
3. Alén do recollido no apartado anterior, a Dirección Xeral terá as seguintes competencias:



- a) Cumprir e facer cumprir o disposto nesta lei e nas demais normas que regulen a entidade pública empresarial, así como os acordos do Consello de Administración nas materias que sexan competencia deste órgano colexiado.
- b) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración, así como as directrices xerais de actuación da Corporación RTVG aprobadas por aquel e executar os principios que dito órgano aprobe sobre produción, publicidade e programación dos medios públicos audiovisuais de Galicia.
- c) Someter á aprobación do Consello de Administración coa suficiente antelación, o Plan anual de traballo, a Memoria económica anual e os anteproxectos de orzamentos da CRTVG.
- d) Preparar a formulación das contas anuais de cada exercicio económico do ente consonte o establecido na lexislación orzamentaria e mercantil.
- e) Elaborar os anteproxectos de explotación e de capital da Corporación RTVG así como os plans financeiros plurianuais previstos na normativa de réxime orzamentario aplicábel ás entidades do sector público galego para sometelos á aprobación do Consello de Administración.
- f) Elaborar e propor ao Consello de Administración os informes anuais sobre a xestión da Corporación sobre o cumprimento das misións de servizo público asignadas, o cumprimento do contrato-programa, así como dos informes que sexan requiridos polo Parlamento de Galicia ou o Goberno Galego.
- g) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación RTVG.
- h) Actuar como órgano de contratación do ente cando non estea atribuída a competencia por razón da contía ou duración do contrato ao Consello de Administración, así como celebrar os actos e negocios



xurídicos naquelas materias e contías que acorde o Consello de Administración.

i) Autorizar os pagamentos e gastos da Corporación RTVG sen prexuízo de que as normas que regulen estas dispoñan a facultade de delegación.

l) Propor ao Consello de Administración a aprobación da organización básica da Corporación RTVG e das súas sociedades dependentes.

m) Propor o nomeamento, con criterios de profesionalidade, do persoal directivo da CRTVG ao Consello de Administración.

n) Dirixir e coordinar as actividades dos órganos directivos da Corporación RTVG consonte as directrices emanadas do Consello de Administración.

o) Asegurar o cumprimento dos principios básicos de programación nas emisións das distintas canles audiovisuais da CRTVG, de conformidade coas directrices establecidas polo Consello de Administración, e tendo como referencia o correspondente contrato-programa e máis o mandato-estratéxico.

p) Exercer a xefatura superior do persoal e dos servizos da CRTVG baixo as directrices xerais que nesta materia emanen do Consello de Administración.

q) Asumir a responsabilidade dos ficheiros de datos automatizados da CRTVG e velar polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos persoais.

Sección 3ª. Outros órganos

Artigo 37. O Consello Asesor



1. A Corporación RTVG contará cun Consello Asesor como órgano de participación da sociedade na súa actividade.

2. O Consello Asesor estará formado por un máximo de 21 persoas representativas da pluralidade social de Galicia dando cumprimento ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes, segundo a seguinte distribución:

a) Doce persoas designadas por maioría de tres quintos polo Parlamento de Galicia en representación dos sectores e industrias culturais, a normalización da lingua galega, as organizacións sindicais e formacións políticas representativas, as organizacións de persoas con discapacidade, as organizacións profesionais do sector audiovisual, organizacións sociais do ámbito feminista e do colectivo LGBT, organizacións xuvenís, entre outras que representen a diversidade e pluralidade social e cultural de Galicia.

b) Catro designadas polo Consello da Xunta de Galicia en representación dos departamentos responsábeis de política cultural e audiovisual, lingüística, igualdade e tecnoloxía

c) Cinco en representación das persoas profesionais dos medios de comunicación públicos integrados na Corporación RTVG elixidas polo procedemento que estableza o Consello de informativos da CRTVG.

3. Son competencias do Consello Asesor:

a) Asesorar ao Consello de Administración nas orientacións xerais da programación.

b) Informar sobre as normas e criterios que garantan o dereito de acceso dos grupos sociais definitivos en función da súa relevancia social e representatividade.

c) Informar sobre cantos asuntos lle someta á súa consideración o Consello de Administración.



4. O Consello Asesor será convocado cando menos trimestralmente, así como cando sexa preceptivo o seu pronunciamento.

Nas sesións do Consello Asesor participarán con voz e sen voto, a Dirección Xeral e máis a Secretaría do Consello de Administración, que exercerán as función de Presidencia e Secretaria, respectivamente, do devandito órgano asesor.

5. A condición de membro do Consello Asesor non esixirá adicación exclusiva nin dará dereito a remuneracións, agás polos gastos ocasionados e xustificados polo asistencia ás súas sesións consonte as normas de indemnizacións por razón do servizo que rexan para o persoal da Corporación RTVG.

Artigo 38. Os Consellos de informativos

1. O Consello de informativos é o órgano interno de participación das e dos profesionais da Corporación RTVG para velar polo súa independencia, a obxectividade, imparcialidade e veracidade dos contidos informativos difundidos polas distintas canles do servizo público audiovisual galego.

2. Son funcións do Consello de informativos:

a) Velar pola independencia e imparcialidade das e dos profesionais dos servizos informativos perante o Consello de Administración e os órganos directivos Corporación RTVG.

b) Promover a independencia editorial e informativa da CRTVG consonte o previsto nesta lei no relativo ás súas funcións de servizo público.

c) Informar sobre a liña editorial e a programación informativa.



d) Someter á súa consideración, con carácter non vinculante, as propostas de nomeamento do persoal directivo no eido dos servizos informativos da CRTVG.

e) Elixir como órgano de participación interna as persoas que representarán o cadro de persoal da CRTVG no Consello Asesor de acordo co previsto no artigo 27 desta lei.

3. As normas de organización e funcionamento do Consello de informativos aprobaranse polo Consello de Administración no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, previa escoita das e dos profesionais da CRTVG a través da súa representación sindical.

CAPÍTULO IV

Réxime económico

Artigo 39. Réxime patrimonial

1. O patrimonio da Corporación RTVG serán de titularidade da Comunidade Autónoma, tendo a consideración de dominio público, como patrimonio afecto ao servizo público audiovisual.

2. O devandito patrimonio será adscrito á Corporación RTVG, correspondéndolles a súa xestión, conservación e administración para o cumprimento dos seus fins específicos.

3. Aplicaranse as disposicións da normativa patrimonial da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que se refire ao réxime xurídico dos bens e dereitos patrimoniais ou demaniais que lle sexan cedidos, adscritos ou incorporados ao patrimonio da Corporación RTVG.

4. Non obstante o disposto nos apartado anteriores, a CRTVG poderá ter patrimonio propio, que terá o carácter de bens patrimoniais ou



privados, e a súa xestión, administración, explotación e disposición rexeranse polo disposto na normativa aplicábel.

Artigo 40. *Réxime de contratación*

1. A Corporación RTVG axustará a súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrência en consonancia co establecido na lexislación sobre contratación no sector público.

2. Sen prexuízo do anterior, ás relacións contractuais que por razón da súa especificidade estean acollidas a un réxime especial de contratación, seranlle plenamente aplicábeis as normas referidas a este, e subsidiariamente, as relativas ao ordenamento xurídico privado.

Artigo 41. *Réxime económico e compensación por servizo público*

1. A Corporación RTVG financiarase a través dos ingresos e rendementos das súas actividades, a través da venda e prestación de servizos e a participación no mercado publicitario, así como polas achegas previstas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma en compensación polo cumprimento das obrigas de servizo público.

2. As achegas da Comunidade Autónoma polo prestación de servizo público consignaranse nos orzamentos anuais da CRTVG así como no contrato-programa.

3. A prestación do servizo público poderá financiarse de xeito parcial e limitado a través da participación no mercado publicitario, de acordo co establecido na lexislación en materia audiovisual. En todo caso, corresponderá ao contrato-programa determinar as clases de emisións que poden incluír espazos publicitarios, así como a duración máxima da publicidade, respectando sempre os límites da normativa audiovisual.



4. Os contidos audiovisuais a través dos que se levarán a termo as misións e obxectivos de servizo público poderán ser obxecto de ulterior venda ou cesión a terceiros operadores no ámbito comunitario e internacional de produtos e servizos audiovisuais. Nese caso, os ingresos que resulten de dito tipo de operacións deben destinarse exclusivamente á financiación da prestación do servizo público.

5. A Corporación RTVG poderá prestar, á marxe das misións e obxectivos de servizo público atribuídas por esta Lei, servizos de comunicación audiovisuais e da sociedade da información en función da capacidade técnica e profesional desenvolvida en exercicio das funcións que lle son propias.

A realización desas actividades non poderá interferir na prestación do servizo público como función principal da entidade pública e debe ir orientada a promover a súa divulgación profesional e facilitar un mecanismo adicional para o seu financiamento.

As operacións a que se refire o presente apartado serán obxecto de contabilidade diferenciada dentro do orzamento anual da Corporación consonte os principios de proporcionalidade e transparencia.

Artigo 42. *Réxime orzamentario*

1. A Corporación RTVG elaborará con carácter anual un anteproxecto de orzamentos de explotación de capital, que incluírán unha previsión da conta de resultados, un cadro de financiamento, así como a documentación complementaria esixida polo normativa orzamentaria da Comunidade Autónoma para as entidades do sector público.

Ademais da documentación relativa ao orzamento do exercicio vindeiro, deberán acompañar a liquidación do último exercicio pechado e un avance da liquidación do exercicio corrente.



2. Os orzamentos de explotación e capital da CRTVG integraranse no orzamento xeral da Comunidade Autónoma, consonte a normativa orzamentaria.

Dun xeito específico, durante o trámite parlamentario de aprobación do orzamento xeral da Comunidade Autónoma polo Parlamento de Galicia, o seu exame e análise corresponderá á Comisión Permanente de Control da CRTVG, que poderá requirir a presenza dos membros dos órganos directivos e persoal directivo para dar conta do orzamento presentado.

3. Ademais do orzamento anual, a CRTVG deberá elaborar un programa de actuación plurianual, integrado polos estados financeiros e demais documentación requirida pola normativa orzamentaria da Comunidade Autónoma para as entidades do sector público.

4. As variacións orzamentarias que se produzan durante a exercicio económico nos orzamentos da Corporación RTVG axustaranse ao réxime previsto na normativa orzamentaria aplicábel ás entidades do sector público. Sen prexuízo do anterior, as variacións no orzamento de explotación e capital que superen o dez por cen do inicialmente consignado, deberán ser autorizadas expresamente polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría competente en materia de facenda, e previa audiencia ao Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente de Control da CRTVG.

Artigo 43. Fiscalización polo Consello de Contas

1. A Corporación RTVG estará sometidas á fiscalización e control do Consello de Contas de Galicia, nos termos previstos polo lexislación reguladora do mesmo para as entidades do sector público galego.

2. As persoas que formen parte dos órganos de administración e dirección, o persoal directivo e o persoal laboral ao servizo da CRTVG,



así como o persoal pertencente ás empresas que realizaran contratos ou negocios xurídicos que supuxeran a disposición de fondos por parte da devandita entidade pública, estarán obrigadas a facilitar tanta información lles sexa requirida polo Consello de Contas para o desempeño do seu labor de fiscalización regulado neste artigo.

CAPÍTULO V

Réxime de persoal

Artigo 44 . Persoal directivo

1. Os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG así como o persoal que exerza labores de superior dirección e así estea establecido no instrumento de ordenación dos recursos humanos, terán o carácter de persoal directivo, sendo designadas libremente en función da súa idoneidade e vinculadas por unha relación laboral especial de alta dirección. O seu cesamento tamén será libre, coas especialidades previstas nesta Lei para os membros do consello de administración e a Dirección Xeral.
2. As retribucións do persoal directivo serán as establecidas no instrumento de ordenación de recursos humanos da CRTVG sen que poidan ser, en termos anuais globais, incluídas as retribucións variábeis, os incentivos ao rendemento ou as percepcións por produtividade, superiores ás establecidas para unha dirección xeral da Xunta de Galicia.
3. Non se poderán percibir retribucións en especie ou atípicos en exercicio do cargo directivo da CRTVG.
4. O tempo de servizos prestado na Corporación RTVG como persoal directivo, Dirección Xeral ou membro do Consello de Administración



non poderá computar como mérito aos efectos de procesos selectivos convocados no seo da Corporación.

5. O réxime de incompatibilidades previsto no artigo 19 da presente Lei será aplicábel a todo o persoal directivo ao que se refire o presente apartado.

Artigo 45. Persoal laboral

1. A Corporación RTVG contará cun cadro de persoal laboral, que será seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade, a través de procedementos selectivos de conformidade co disposto na normativa reguladora do sector público autonómico de Galicia.

2. O consello de administración da CRTVG será o órgano competente para aprobar as relacións de postos de traballo e os instrumentos de ordenación dos recursos humanos, así como autorizar a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos selectivos, os convenios colectivos ou acordos laborais de todo o persoal do ente.

CAPÍTULO VI

Concreción da misión de servizo público

Artigo 46. Mandato estratéxico

1. Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación RTVG establécense normativamente para un período de seis anos a través do correspondente mandato estratéxico, que ten a consideración de mandato-marco para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.



2. O mandato estratéxico é aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. Se non se acadase esta maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria para a aprobación por unha maioría de tres quintos. De non acadarse tampouco esta última maioría, incluírase o asunto na orde do día da próxima sesión plenaria e a aprobación realizarase por maioría absoluta.

Artigo 47. Contrato programa

1. A concreción e o desenvolvemento dos obxectivos xerais da misión de servizo público da Corporación RTVG realízanse mediante a subscripción co Consello da Xunta de Galicia por un período de tres anos do correspondente contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.,

2. O contrato plurianual de xestión incluírá, como mínimo, os seguintes:

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación de servizo público.

b) Os medios para a adecuación e actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do escenario económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato estratéxico e a estabilidade orzamentaria.

c) Os contidos de servizo público que deba ofrecer a Corporación RTVG, concretando as porcentaxes de xéneros de programación.

d) As porcentaxes de produción propia de acordo co disposto nesta lei.



- e) Os efectos que haberán de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.
- f) O control da execución do contrato plurianual de xestión e dos resultados derivados da súa aplicación.

Artigo 48. Autorregulación e correulación

A Corporación da RTVG poderá adherirse ou desenvolver, segundo determine o Consello de Administración e a Dirección Xeral, as normas e pautas de autorregulación e correulación que se estimen convenientes, no marco do previsto pola lexislación xeral de comunicación audiovisual sobre as seguintes materias, entre outras:

- a) Protección dos dereitos das persoas menores de idade.
- b) Cumprimento responsable da normativa publicitaria e de autocontrol da comunicación comercial.
- c) Desenvolvemento de pautas de comportamento para a protección e utilización responsábel dos datos das persoas usuarias.
- d) Tecnoloxías e ferramentas de intelixencia artificial.
- e) Desenvolvemento de normas de boas prácticas corporativas e profesionais de funcionamento para fortalecer a calidade do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia."



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 18. Natureza xurídica

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica na que se integran os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de acordo co previsto no número 2 do artigo 2.

2. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ten a forma de sociedade anónima e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Consello da Xunta de Galicia e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. Réxime xurídico

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) En primeiro lugar, por esta lei, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral de comunicación audiovisual.

b) En segundo lugar, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

c) Na falta da normativa anterior, pola lexislación mercantil.

2. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incorporarán as previsións desta lei relativas aos órganos da sociedade e ás súas competencias.

3. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as súas modificacións serán aprobados pola xunta xeral da sociedade, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, e inscribíranse no rexistro mercantil.

4. O obxecto social da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incluírá a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos nesta lei, así como todas aquelas actividades necesarias para o cumprimento da misión de servizo público definida nela ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.

5. As pretensións que se deduzan con respecto aos acordos dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son competencia dos xulgados e os tribunais da orde xurisdiccional que corresponda en cada caso segundo a lexislación procesual. (...)

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

Artigo 20. Medios para a prestaci3n do servizo

1. A Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia deber3 contar coa organizaci3n, a estrutura e os recursos humanos e econ3micos suficientes para asegurar o cumprimento da misi3n de servizo p3blico definida nesta lei, incluídos os necesarios para garantir a provisi3n de programas, contidos e servizos territoriais.

2. A Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia pode constituír entidades que adopten a forma de sociedade mercantil ou participar no seu capital, sempre que o obxecto social de tales entidades estea vinculado coas actividades e as funci3ns daquela, incluídas as de servizo p3blico. A adquisici3n ou a perda da participaci3n maioritaria no capital social das devanditas sociedades require a autorizaci3n previa do Consello da Xunta de Galicia.

3. A Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia e as sociedades sobre as que exerza o control, nos termos do artigo 42 do C3digo de comercio, non poden participar no capital social de prestadores do servizo de comunicaci3n audiovisual de titularidade privada.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. Cooperación

Para cumprir mellor a misión de servizo público definida nesta lei, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode subscribir convenios de cooperación con outras entidades prestadoras do servizo público de comunicación audiovisual, coas administracións públicas e coas entidades vinculadas a estas ou dependentes delas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. Operacións de fusión e escisión, e disolución

1. As operacións de fusión ou escisión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiren o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

2. A disolución da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia require o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, despois de oír o Parlamento de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Organización

Sección 1ª. Órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Artigo 23. Órganos

1. Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o Consello de Administración e a Dirección Xeral.

2. Os membros do Consello de Administración e a persoa titular da Dirección Xeral son nomeados seguindo procedementos transparentes, abertos, efectivos e non-discriminatorios e mais criterios transparentes, obxectivos, non-discriminatorios e proporcionados, de acordo co previsto nesta lei.

3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia contará cun Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados nela.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 21, ao apartado 1, de Modificación

Débase modificar o punto 1 do artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos, o Consello de Administración e a Dirección Xeral."



-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 22, ao apartado 3 bis), de Adición

Débese engadir un novo punto 3 *bis* no artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis*. No prazo máximo de tres meses a partir do nomeamento da Dirección Xeral, promoverase a elaboración dun estatuto da información previo á constitución dun consello de informativos."



DITAME DA COMISIÓN:

Sección 2ª. Consello de Administración

Artigo 24. Definición e composición

1. O Consello de Administración é o órgano colexiado de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. O Consello de Administración componse de sete membros, dos cales un é a persoa titular da Dirección Xeral.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración

1. Os membros do Consello de Administración distintos da persoa titular da Dirección Xeral son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, no prazo dun mes repetirase a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.

2. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios deben ter experiencia profesional acreditada e prestixio recoñecido, nos termos establecidos polo artigo seguinte. Do mesmo xeito, teranse en conta criterios de proporcionalidade e de pluralidade ideolóxica, política, social e cultural e garantirase o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, consonte a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios comparecerán perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia na forma que determina o Regulamento do Parlamento, co fin de se examinar a súa idoneidade para o cargo.

4. A xunta xeral da sociedade nomeará os membros do Consello de Administración elixidos polo Parlamento de Galicia.

5. As vacantes no Consello de Administración serán cubertas na mesma forma prevista nos números anteriores e deberase respectar a pluralidade de orixe. O mandato dos novos membros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros que substitúen.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. Experiencia profesional acreditada e prestixio recoñecido

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, presúmese que unha persoa posúe unha experiencia profesional acreditada e un prestixio recoñecido para ser membro do Consello de Administración se reúne algún dos seguintes requisitos:

a) Ter desempeñado funcións de administración, de alta dirección, de control ou asesoramento ou funcións de similar responsabilidade en entidades públicas ou privadas.

b) Ter méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.

2. Na composición do Consello de Administración débese garantir a presenza de persoas que desempeñasen funcións de administración, de alta dirección, de control ou asesoramento ou funcións de similar responsabilidade en entidades públicas ou privadas e de persoas que teñan méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. Duración do mandato

1. O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento.
2. O mandato é renovable por unha soa vez.
3. Despois de se esgotar o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión das persoas que os substitúan.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. *Cesamento*

Os membros do Consello de Administración cesan no seu cargo polas seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.
- b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.
- c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración.
- d) Defunción.
- e) Inhabilitación para o emprego ou cargo público ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.
- f) Incompatibilidade sobrevida.
- g) Separación aprobada polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade, logo da instrución do correspondente expediente contradictorio por parte do Consello de Administración, (...) por non desenvolver as súas funcións de acordo co establecido nesta lei e nas normas que a desenvolveren.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓ:

Artigo 29. Estatuto persoal

1. Os membros do Consello de Administración actúan no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poderen recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. Os membros do Consello de Administración exercen as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil e axustan a súa actuación aos principios de legalidade, de obxectividade e de bo goberno.

3. Os membros do Consello de Administración terán dedicación exclusiva e estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de membro do Consello de Administración é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. Os membros do Consello de Administración non poden ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de



programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou medio tecnolóxico nin en ningún tipo de entidade relacionada coa subministración ou a dotación de material, de servizos ou de programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. Competencias e funcións

Correspóndenlle ao Consello de Administración as seguintes competencias e funcións:

a) Aprobar a organización básica da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

b) Aprobar a creación das comisións de participación, asesoramento e control interno do propio consello. En todo caso, o Consello de Administración constituirá no seu seo unha Comisión de Economía e Control.

c) Aprobar o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do propio consello.

d) Resolver as solicitudes de autorización ou de recoñecemento de compatibilidade dos membros do Consello de Administración, excluída a persoa interesada, logo do informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Aprobar as directrices básicas en materia de persoal e os instrumentos de ordenación do persoal e as súas modificacións.

f) Nomear o persoal directivo designado pola persoa titular da Dirección Xeral e formalizar o seu cesamento, no suposto de destitución por parte daquel.

g) Elaborar e aprobar os criterios reitores da dirección editorial da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

h) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o plan xeral de actuación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.



i) Aprobar o programa de actuacións, investimentos e financiamento e os anteprojectos de orzamentos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia elaborados pola persoa titular da Dirección Xeral, así como formular as contas anuais.

j) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o informe anual sobre a xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e sobre o cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, para a súa remisión á autoridade audiovisual competente.

k) Aprobar as normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, logo de oír as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional, así como o procedemento para elixir a representación neste das persoas profesionais dos devanditos medios.

l) Elaborar e aprobar as normas reguladoras da emisión de publicidade, tendo en conta os criterios de autorregulación do sector, ademais da normativa de protección da saúde das persoas menores de idade e de prevención das condutas adictivas.

m) Velar polo cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e polo contrato plurianual de xestión.

n) En xeral, as facultades indelegables que lle corresponden ao Consello de Administración das sociedades de capital consonte a lexislación mercantil.

ñ) As demais que lle atribúan expresamente esta lei ou os estatutos sociais.

EMENDAS MANTIDAS:



-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 23, ao apartado k), de Modificación

Débese modificar a letra k) do artigo 30 que quedará redactada co seguinte contido:

"k)Aceptar e refrendar as normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, logo de seren elaboradas polo Consello de Informativos."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. Presidencia

1. A Presidencia do Consello de Administración é exercida por un dos seus membros, excluída a persoa titular da Dirección Xeral, de acordo coa orde rotatoria que estableza o propio consello, por períodos de seis meses.

2. Correspóndenlle á Presidencia do Consello de Administración acordar a convocatoria das sesións do órgano, fixar a orde do día de acordo coa Dirección Xeral e presidir as sesións, moderando o desenvolvemento dos debates, nos termos que dispoña o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do Consello de Administración.

Alén diso, a Presidencia coordina o funcionamento do Consello de Administración coa Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

3. A persoa titular da Presidencia do Consello de Administración non exercerá funcións de representación nin de dirección executiva da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que corresponden exclusivamente á persoa titular da Dirección Xeral.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. Secretaría

1. A Secretaría do Consello de Administración é exercida por unha persoa con titulación universitaria en Dereito, que non pode ter a condición de membro do Consello de Administración e asiste ás reunións deste con voz mais sen voto.

2. A designación e a destitución da persoa titular da Secretaría correspóndelle ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos supostos de vacante, de ausencia ou de enfermidade, consonte o que establezan os estatutos sociais.

3. Correspóndenlle á Secretaría do Consello de Administración as funcións que lle atribúan os estatutos sociais e, en todo caso, efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da Presidencia, preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e expedir as certificacións dos acordos aprobados, co visto e prace da Presidencia, e asesorar en dereito o órgano.

4. A persoa titular da Secretaría está suxeita ao estatuto persoal establecido para os membros do Consello de Administración no artigo 29, agás o previsto no seu número 3.

5. O Consello de Administración fixará as retribucións e o sistema de contratación da persoa titular da Secretaría cando esta non pertenza ao cadro de persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. No caso de pertencer ao devandito cadro de persoal, o Consello fixará a retribución que lle corresponda pola realización das funcións inherentes ao cargo.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. Funcionamento

1. O Consello de Administración reúnese en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao mes e en sesión extraordinaria cando o solicitaren a persoa titular da Dirección Xeral ou unha terceira parte dos seus membros.

2. Para se constituír con validez o Consello de Administración, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría, ou, de ser o caso, de quen as substitúan, e mais da metade, polo menos, dos demais membros do órgano.

3. Os acordos do Consello de Administración son adoptados por maioría de votos, agás que os estatutos sociais ou a lexislación mercantil establezan outra cousa. O voto da persoa titular da Dirección Xeral terá carácter dirimente cando se produciren empates nas votacións.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Sección 3ª. Dirección Xeral

Artigo 34. Definición, elección e nomeamento

1. A Dirección Xeral exerce de forma permanente as funcións de goberno, administración e representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que lle atribúen esta lei e os estatutos sociais.

2. A persoa titular da Dirección Xeral é elixida polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, no prazo dun mes poderase repetir a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.

3. A candidatura a titular da Dirección Xeral é formulada pola comisión parlamentaria correspondente, na forma que determine o Regulamento do Parlamento, entre persoas que teñan formación acreditada de nivel de educación superior, coñecementos e competencias profesionais, prestixio recoñecido e experiencia en xestión empresarial, administración ou investigación científica na actividade da comunicación audiovisual e no goberno corporativo.

4. A persoa proposta comparecerá perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia, co fin de se examinar a súa idoneidade para o cargo.

5. O Consello de Administración nomeará a persoa titular da Dirección Xeral na primeira sesión que organice logo da elección desta por parte do Parlamento de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. Duración do mandato

1. O mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.

2. Despois de se esgotar o mandato, a persoa titular da Dirección Xeral continúa no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión da persoa que a substitúa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 24, ao apartado 1, de Modificación

Débase modificar o punto 1 do artigo 35 que quedará redactado co seguinte contido:

"1.O mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e poderá ser reelixida por outros cinco anos; estes dez anos serán o período máximo de permanencia na Dirección Xeral. Para a elección da próxima persoa titular na Dirección Xeral, a CRTVG iniciará o proceso de elección un ano antes da extinción do mandato, coa fin de dar continuidade á xestión da compañía."



DITAME DA COMISI3N:

Artigo 36. Cesamento

1. A persoa titular da Direcci3n Xeral cesa no seu cargo polas seguintes causas:

- a) Expiraci3n do prazo do seu mandato.
- b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.
- c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administraci3n.
- d) Defunci3n.
- e) Inhabilitaci3n para o emprego ou cargo p3blico ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.
- f) Incompatibilidade sobrevida.
- g) Separaci3n aprobada polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade ou do Consello de Administraci3n, logo da instruci3n do correspondente expediente contradictorio, por non desempeñar as súas funci3ns de acordo co establecido nesta lei e nas normas que a desenvolveren.

2. Alén diso, a persoa titular da Direcci3n Xeral será separada do seu cargo polo Consello de Administraci3n cando, logo da liquidaci3n do orzamento anual da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia, se constatar a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias por causas imputables á súa xesti3n:

- a) Un empeoramento do resultado orzado cunha desviaci3n igual ou superior ao dez por cento da compensaci3n pola prestaci3n do servizo p3blico de comunicaci3n audiovisual.



b) A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao dez por cento das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación coma do orzamento do capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados e do do segundo a variación do capital circulante.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. Estatuto persoal

1. A persoa titular da Dirección Xeral actúa no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poder recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. A persoa titular da Dirección Xeral exerce as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil e axusta a súa actuación aos principios de legalidade, de obxectividade e de bo goberno.

3. A persoa titular da Dirección Xeral terá dedicación exclusiva e estará suxeita ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de persoa titular da Dirección Xeral é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. A persoa titular da Dirección Xeral non pode ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou



medio tecnolóxico nin en calquera tipo de entidade relacionada coa subministración ou dotación de material, servizos ou programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

Artigo 38. Competencias e funci3ns

1. A persoa titular da Direcci3n Xeral representa a Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia e desempe1a a s1a direcci3n executiva. Ademais, corresp3ndenlle as seguintes competencias e funci3ns:

a) Adoptar e executar cantos actos, actuacións ou decisi3ns sexan necesarios para o desempe1o da direcci3n executiva da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia.

b) Elaborar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia.

c) Actuar como3rgano de contrataci3n da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia.

d) Autorizar os pagamentos e os gastos da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia.

e) Aprobar a estrutura organizativa da direcci3n da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia e as s1as modificaci3ns.

f) Exercer a xefatura superior do persoal da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia e desenvolver as directrices b1sicas do Consello de Administraci3n en materia de persoal.

g) Designar e destitu3r o persoal directivo de acordo co previsto nesta lei e nos estatutos sociais.

h) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporaci3n de Servizos Audiovisuais de Galicia.

i) Ditar as disposici3ns, as instruci3ns e as circulares relativas ao funcionamento da organizaci3n interna.



j) Propor, para ser sometido á xunta xeral da sociedade, o nomeamento dos auditores de contas ou das sociedades de auditoría.

k) Asinar o contrato plurianual de xestión convido baixo as directrices do mandato estratéxico.

l) Establecer as directrices oportunas para que os programas, os contidos e os servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia cumpran a misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e polo contrato plurianual de xestión.

m) Cumprir e facer cumprir a lei e os acordos do Consello de Administración.

n) As demais funcións de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non atribuídas expresamente a outros órganos por esta lei, polos estatutos sociais ou pola lexislación mercantil.

2. As dúbidas que no transcurso da actividade da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poidan xurdir respecto da atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á Dirección Xeral resolveranse sempre a favor desta última.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Sección 4ª. Comisión de Economía e Control

Artigo 39. Comisión de Economía e Control

A composición e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control son fixadas polos estatutos sociais ou, se for o caso, polo regulamento interno do Consello de Administración, que garantirán a independencia do seu funcionamento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Sección 5ª. Consello Asesor de Participación Social e Profesional

Artigo 40. Definición

O Consello Asesor de Participación Social e Profesional é o órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que ten como finalidade contribuír a fortalecer a participación, así como a calidade, a profesionalidade e a independencia da información e, en xeral, dos programas, os contidos e os servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 41. Composición

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional está composto por quince membros, segundo a seguinte distribución, na que se garantirá o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, conforme a Lei 7/2023, do 30 de novembro:

a) Nove membros en representación dos sectores da cultura, da ciencia e da tecnoloxía, da educación e da sanidade, das entidades locais, das organizacións de persoas consumidoras e usuarias, das organizacións de persoas con discapacidade e das organizacións profesionais do sector audiovisual e da comunicación, elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos ou, de non se acadar esta, por maioría de tres quintos en segunda votación, dentro da mesma sesión plenaria.

b) Tres membros en representación dos sectores das industrias culturais e do audiovisual, a lingua e as tecnoloxías e redes de comunicación, designados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta dos órganos superiores ou de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en tales materias.

c) Dous membros en representación das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, elixidos polo procedemento que establecer o Consello de Administración.

d) A persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. O mandato dos membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, exceptuada a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, é de dous anos,



renovable por unha soa vez. Após se esgotar o mandato, os membros continúan en funcións ata a renovación no cargo ou ata o nomeamento das persoas que os substitúan.

3. Os membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional non terán dedicación exclusiva ao cargo nin percibirán remuneracións polo exercicio deste, sen prexuízo das indemnizacións que corresponderen pola asistencia ás súas sesións.

4. En todo caso, a condición de membro do Consello Asesor de Participación Social e Profesional é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou de designación política, agás nas entidades locais.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou en organizacións sindicais ou empresariais.

5. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional contará cunha presidenta ou un presidente elixido de entre os seus membros por maioría absoluta, que exercerá as funcións inherentes á presidencia dun órgano colexiado. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia propondrá un membro do **seu persoal** con cualificación suficiente para que actúe como secretario do órgano, con voz mais sen voto.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 25, ao apartado 1. c), de Modificación

Débase modificar a letra c) do punto 1 do artigo 41 que quedará redactada co seguinte contido:



"c)Dous membros en representación das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, elixidos polo procedemento que estableza o Consello de Informativos."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 42. Funcións

1. Correspóndelle ao Consello Asesor de Participación Social e Profesional velar pola riqueza do pluralismo do discurso público democrático, pola diversidade de opinións e pola participación proporcionada a prol da formación da opinión pública galega, así como pola calidade, a profesionalidade, a obxectividade, a imparcialidade, a veracidade e a independencia dos contidos difundidos polos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para cumprir as funcións previstas no número anterior, a persoa titular da Dirección Xeral informará o Consello Asesor de Participación Social e Profesional sobre as seguintes materias:

a) Os criterios e as medidas que garantan o dereito de acceso e participación dos grupos sociais e políticos significativos en función da súa relevancia, a súa representatividade e o seu ámbito de actuación.

b) As liñas de programación dos contidos de información, formación e entretemento, segundo os principios de prestación do servizo público de comunicación audiovisual recollidos nesta lei, e as medidas e iniciativas que puideren contribuír a mellorar a súa calidade.

c) O desenvolvemento de accións de alfabetización mediática e dixital, de accesibilidade e posta en valor dos servizos públicos de comunicación audiovisual na sociedade dixital, de protección dos dereitos individuais e dixitais fronte ao odio, a violencia e a desigualdade e de uso responsable dos datos e das redes.

d) As actividades de sustentabilidade social empresarial desenvolvidas pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.



e) As pautas e as medidas de protección dos dereitos das persoas menores de idade nos contidos dos servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sobre a involucración en situacións de risco, violencia, vulnerabilidade, trastornos alimentarios, condutas adictivas, acoso e ciberacoso.

f) As estratexias e os medios de promoción da innovación da dixitalización, da introdución responsable da intelixencia artificial e da colaboración coas institucións públicas e as empresas de Galicia sobre servizos converxentes de Internet das cousas.

g) O fomento dos principios e os valores promovidos pola Declaración europea sobre dereitos e principios dixitais para a década dixital no que corresponda ao marco dos programas estratéxicos e os contratos plurianuais de xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

h) O desenvolvemento das novas capacidades de difusión de contidos multilingües que permitan as redes globais e as tecnoloxías da información e comunicación, co fin de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

i) As normas e as actividades de autorregulación e correulación internas e externas que promova ou nas que participe a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

j) Calquera outra materia na que o Consello de Administración ou a Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiran do asesoramento do órgano.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 26, ao apartado 2. h), de Supresión

Débase suprimir a letra h) do punto 2 do artigo 42.



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 43. Réxime de funcionamento

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional aprobará un regulamento de réxime interno.

2. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional reúnese de forma ordinaria unha vez cada catro meses e con carácter extraordinario cando o solicite a maioría dos seus membros.

3. Os acordos do órgano son adoptados mediante o voto da maioría absoluta dos seus membros.

4. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia proporcionará o apoio material que o Consello Asesor de Participación Social e Profesional precise para o desenvolvemento das súas funcións.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Persoal

Artigo 44. Membros do Consello de Administración

1. Os membros do Consello de Administración, incluída a persoa titular da Dirección Xeral, vincúlanse á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas nesta lei.

2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, aproba as retribucións que lles corresponde percibir á persoa titular da Dirección Xeral e aos demais membros do Consello de Administración. Estas cantidades intégranse no orzamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, polo tanto, nos termos en que proceda, na lei de orzamentos que o Parlamento de Galicia aprobe cada ano.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 45. Persoal de alta dirección e persoal directivo profesional

1. Terá a consideración de persoal de alta dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o persoal desta que cumpra os requisitos establecidos no artigo 1.2 do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección. Este persoal rexerase polo establecido na indicada normativa laboral. A súa selección efectuarase con suxeición aos principios de publicidade, concorrência, mérito e capacidade entre persoas que demostren a súa cualificación profesional .

2. Terá a consideración de persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o persoal desta que desempeñe postos de traballo definidos como tales na estrutura directiva da entidade aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica, complexidade ou relevancia das funcións xerenciais ou de dirección e coordinación asignadas a eles.

3. A selección do persoal directivo profesional efectuarase mediante unha convocatoria pública, de acordo cos principios de concorrência, mérito e capacidade, entre o persoal laboral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ou outras persoas que cumpran os requisitos necesarios para participaren na convocatoria. A súa designación efectuarase tras a apreciación discrecional por parte do órgano competente da idoneidade das persoas candidatas en relación cos requisitos exixidos para desempeñar o posto. O persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais terá a condición de persoal directivo para os efectos do establecido no artigo 1.4 do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.



4. O persoal directivo profesional estará suxeito a avaliación periódica consonte os criterios de eficacia e eficiencia, de responsabilidade pola súa xestión e de control de resultados en relación cos obxectivos que lles sexan fixados. O cesamento nos postos directivos producirase por causas obxectivas vinculadas a unha avaliación negativa do desempeño, á perda da confianza ou a graves e continuadas dificultades de integración no equipo directivo, apreciadas polo órgano superior xerárquico do cal a persoa directiva dependa directamente. Os contratos que se formalicen farán referencia a estas circunstancias e incluírán expresamente as causas de extinción expresadas como condicións resolutorias do contrato.

5. As condicións retributivas do persoal recollido neste artigo serán as establecidas no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, ou na norma que o substitúa.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 46. Persoal laboral

1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) Polas disposicións aplicables do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

b) Polo Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e as demais normas de dereito laboral.

c) Polos convenios colectivos.

d) Polo correspondente contrato de traballo.

2. No relativo á selección e a contratación, tamén son aplicables as disposicións relativas ás sociedades mercantís públicas autonómicas recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia .

3. A contratación do persoal laboral fixo realizarase conforme os principios de igualdade, de mérito, de capacidade e de publicidade, mediante procesos selectivos convocados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no marco do que estableza a lexislación básica en materia de reposición de efectivos de persoal nas entidades do sector público e a que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento desta.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**DITAME DA COMISIÓN:***Artigo 47. Persoal de natureza artística*

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode subscribir contratos ao abeiro da normativa que regula a relación especial de traballo dos artistas en espectáculos públicos á cal se refire a alínea e) do número 1 do artigo 2 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 27, de Supresión

Débese suprimir todo o artigo 47.



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Concreción da misión de servizo público

Artigo 48. Mandato estratéxico

1. Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia establécense normativamente para un período de seis anos a través do correspondente mandato estratéxico, que ten a consideración de mandato-marco para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.

2. O mandato estratéxico é aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. Se non se acadar esta maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e abondará para a aprobación unha maioría de tres quintos. De non se acadar tampouco esta última maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e a aprobación realizarase por maioría absoluta.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 28, ao apartado 2, de Supresión

Débase suprimir no punto 2 do artigo 48 o seguinte contido:

"De non acadarse tampouco esta última maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e a aprobación realizarase por maioría absoluta."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 49. Contrato plurianual de xestión

1. A concreción e o desenvolvemento dos obxectivos xerais da misión de servizo público da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia realízanse mediante a subscrición co Consello da Xunta de Galicia, por un período de tres anos, do correspondente contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.

2. O contrato plurianual de xestión incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola prestación do servizo público de comunicación audiovisual.

b) Os medios para a adecuación e a actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do escenario económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato estratéxico e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal e reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deba ofrecer a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, con concreción das porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que deberán derivar do incumprimento dos compromisos acordados.



f) O control da execución do contrato plurianual de xestión e dos resultados derivados da súa aplicación.

3. Entre os obxectivos específicos que deberá desenvolver a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poderanse considerar, ademais dos propios da actividade de comunicación audiovisual, aqueles outros de natureza organizativa ou económica que contribúan a cumprir mellor a misión de servizo público.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 50. Autorregulación e correulación

No marco dos principios xerais que inspiran esta lei, e para cumprir mellor a misión de servizo público definida nela, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode adherirse ou desenvolver, segundo as respectivas facultades exercidas polo Consello de Administración e a Dirección Xeral, as normas e pautas de autorregulación e correulación que se estimen convenientes, no marco do previsto pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, sobre as seguintes materias, entre outras:

a) A protección dos dereitos das persoas menores de idade, en particular nos eidos do tratamento adecuado en noticiarios e programas de contido informativo de actualidade nos que se informe de que se viron involucradas en situacións de risco ou violencia ou aparezan persoas menores en situación de vulnerabilidade; a inclusión de descritores audiovisuais e de sistemas visibles de cualificación por idades que discriminen os contidos prexudiciais para o seu desenvolvemento físico, mental ou moral; os límites da emisión de programas ou contidos que conteñan escenas de violencia gratuíta, pornografía, consumo de substancias psicoactivas ou de promoción ou normalización de condutas adictivas sen substancia, de programas relacionados co esoterismo ou as paraciencias baseados na participación activa das persoas usuarias ou de programas de actividades de xogos de azar e apostas, agás as excepcións legalmente permitidas; e o control de algoritmos, etiquetaxes e sistemas de recomendación inseguros.

b) O cumprimento responsable da normativa publicitaria e de autocontrol da comunicación comercial no servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O respecto dos principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia nas interaccións públicas desenvolvidas a través das redes sociais dixitais



que comprendan os dominios propios da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia en Internet.

d) O desenvolvemento de pautas de comportamento para a protección e a utilización responsable dos datos das persoas usuarias.

e) As tecnoloxías e as ferramentas de intelixencia artificial que cumpran a normativa aplicable e recoñezan de forma responsable e transparente o nivel de risco do seu despregamento, garantindo o respecto á dignidade humana e aos dereitos fundamentais, así como a súa fiabilidade.

f) O desenvolvemento de normas de boas prácticas corporativas e profesionais de funcionamento para fortalecer a calidade do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO V

Réxime económico

Artigo 51. Sistema de financiamento

1. O sistema de financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dotaraa dos recursos económicos que lle permitan cumprir a misión de servizo público definida nesta lei dun xeito eficaz. Alén diso, respectará os principios seguintes:

a) Compatibilidade coa normativa vixente en materia de competencia, en especial coa normativa de axudas de estado.

b) Garantía de estabilidade orzamentaria para o cumprimento efectivo das funcións de servizo público.

c) Sostemento exclusivo de actividades e contidos relacionados coa función de servizo público.

2. O financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia baséase nun sistema mixto conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

3. As compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consígnanse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas compensacións teñen carácter anual e non poden superar o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario, entendéndose por tal a diferenza entre os custos totais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e os seus outros ingresos distintos das compensacións.

Se no pechamento dun exercicio se constatar que a compensación supera o custo neto incorrido nese período, o importe



en exceso minorarase da compensación orzada para o exercicio seguinte a aquel no que se producise o exceso.

4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non pode utilizar a compensación pública para baixar inxustificadamente os prezos da súa oferta comercial e de servizos nin para presentar ofertas desproporcionadamente elevadas fronte a competidores privados por dereitos de emisión sobre contidos no mercado audiovisual.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 52. Recurso ao endebedamento

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e calquera outra sociedade na cal posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social só poden realizar operacións de crédito, na medida e cos límites máximos establecidos na normativa vixente, para financiar os seus investimentos en inmovilizado material e inmaterial e para atender necesidades transitorias de tesouraría.

2. Os límites do endebedamento quedan fixados, para cada exercicio, na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 53. Separación estrutural de actividades e sistema de contabilidade analítica

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia procederá progresivamente á separación estrutural das súas actividades para garantir os prezos de transferencia e o respecto das condicións de mercado, de conformidade coa Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas.

2. Co fin de cuantificar o custo neto do servizo público, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia disporá de separación de contas por actividades e contará cun sistema de contabilidade analítica que separe a imputación de ingresos e custos da actividade de servizo público dos contidos comerciais e das restantes actividades.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 54. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sométese ao establecido no número 3 do artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e nas demais disposicións que lle sexan aplicables, así como ás previsións da presente lei.

2. Xunto cos orzamentos de explotación e capital, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia remitirá unha memoria da avaliación económica do investimento ou dos investimentos que vaian iniciarse no exercicio, así como a expresión dos obxectivos que se pretendan acadar nel.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 55. Contas anuais e auditoría externa

1. Sen prexuízo do sinalado nesta lei, as contas anuais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polos principios e as normas de contabilidade recollidos no plan xeral contable e son revisadas por persoas auditoras de contas de acordo co disposto na lexislación mercantil.

2. As contas anuais son formuladas polo Consello de Administración e son sometidas, xunto coa proposta de distribución de resultados, á aprobación da xunta xeral da sociedade, consonte a lexislación mercantil. Após seren aprobadas, serán remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e a persoa titular da Dirección Xeral comparecerá perante a comisión de control parlamentario correspondente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 56. Patrimonio

1. Para cumprir cos seus fins, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dispón dun patrimonio propio, distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigas dos cales é titular.

2. Os bens e os dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son, en todo caso, de dominio privado ou patrimoniais.

3. A xestión, a administración, a explotación e a disposición dos bens e os dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polo disposto nesta lei, polas normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, supletoriamente, polas normas do dereito privado.

4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia velará pola conservación e a custodia dos seus arquivos documentais e audiovisuais e, en particular, dos documentos e fondos que, de acordo coa normativa de patrimonio cultural, deban integrar o patrimonio documental e bibliográfico de Galicia, facilitando o acceso e o uso para fins de investigación e educativos. O Consello de Administración establecerá as condicións para o seu uso comercial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 29, ao apartado 4, de Modificación

Débese modificar no punto 4 do artigo 56 o seguinte contido:

Onde di: "...Audiovisuais de Galicia velará polo cumprimento e a custodia..."; debe dicir: "...Audiovisuais de Galicia velará pola implementación, o cumprimento e a custodia...".



-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 30, ao apartado 4 bis), de Adición

Débese engadir un novo punto 4 *bis* no artigo 56 que quedará redactado co seguinte contido:

"4 *bis*.A xestión e custodia destes arquivos non se poderá ceder a terceiros."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 31, ao apartado 4 ter), de Adición

Débese engadir un novo punto 4 *ter* no artigo 56 que quedará redactado co seguinte contido:

"4 *ter*.A CRTVG promoverá desde os diferentes centros territoriais unha liña de recollida de información que garanta a implementación de información de actualidade, de xeito que incremente o acervo sobre o tecido social de Galicia de xeito que sirva de base, no futuro, para estudosos e investigadores da cultura contemporánea galega."



DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VI

Control externo

Artigo 57. Control parlamentario

1. O Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da misión de servizo público definida nesta lei, a través da Comisión Permanente Non-Legislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. Para o efecto do previsto no número anterior, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 55.2, presentaralle con carácter anual á Comisión Permanente Non-Legislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia un informe referido á execución do mandato estratéxico e do contrato plurianual de xestión, así como unha memoria sobre a execución da misión de servizo público referida ao conxunto das súas actividades, programas, contidos e servizos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 58. Control por parte da autoridade audiovisual

1. A autoridade audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia avalía se os novos servizos significativos que pretenda prestar a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia se axustan ao valor da misión de servizo público definida nesta lei e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Durante a avaliación outorgaráselles audiencia ás persoas e aos grupos interesados e os resultados desta faranse públicos.

2. A autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida solicitar a súa intervención no caso de incumprimento por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da súa misión de servizo público.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 32, ao apartado 1, de Modificación

Débase modificar no punto 1 do artigo 58 o seguinte contido:

Onde di: "1. A autoridade audiovisual da Comunidade Autónoma..."; debe dicir: "1. A autoridade audiovisual indepedente da Comunidade Autónoma...".

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 33, ao apartado 2, de Modificación

Débase modificar no punto 2 do artigo 58 o seguinte contido:

Onde di: "2. A autoridade audiovisual establecerá un procedemento..."; debe dicir: "2. A autoridade audiovisual independente establecerá un procedemento...".

**DITAME DA COMISIÓN:***Artigo 59. Control por parte do Consello de Contas*

Correspóndelle ao Consello de Contas, no exercicio das funcións que estatutaria e legalmente ten atribuídas, o control periódico do financiamento público que reciba a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o establecido nesta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III bis).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 17, de Adición

Engadir un novo TÍTULO IV co seguinte contido:

"TÍTULO IV

Consello Audiovisual de Galicia

Artigo 49. Natureza e réxime xurídico

1. O Consello Audiovisual de Galicia actúa como autoridade reguladora e executiva dotada de plena independencia respecto do Goberno e as administracións públicas para o exercicio das súas funcións.
2. O Consello Audiovisual de Galicia é un ente público de carácter institucional, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar no ámbito do dereito público e privado, e conta con autonomía organizativa e de funcionamento. Rexerase polo disposto na presente Lei e no seu Regulamento de desenvolvemento, así como nas normas orgánicas que aprobe, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia.
3. Os actos do Consello do Audiovisual de Galicia estarán sometidos ao disposto na lexislación reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como ao resto de lexislación aplicábel en materia de actos e de funcionamento das Administracións Públicas.
4. O seu réxime de persoal, contratación e orzamentario será o aplicábel ás entidades públicas instrumentais do sector público galego, coas



especificidades que se dispoñan nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

Artigo 50. Ámbito de actuación

O Consello do Audiovisual de Galicia exerce as súas funcións no ámbito da comunicación audiovisual directamente xestionada polo Comunidade Autónoma de Galicia ou en réxime de autorización, sexa cal for a forma de emisión e a tecnoloxía empregada, así como nos supostos nos que se efectúen emisións específicas para Galicia e aqueloutros que, por aplicación da normativa vixente, fiquen sometidos ao ámbito de xestión e tutela da Comunidade Autónoma.

Artigo 51. Composición, elección e duración do mandato

1. O Consello do Audiovisual de Galicia estará integrado por seis persoas, elixidas polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, que ademais deberá designar de entre elas a titular da Presidencia.
2. As persoas que integran o Consello do Audiovisual de Galicia serán escollidas entre aquelas que gocen de recoñecido prestixio e con experiencia profesional acreditada no sector audiovisual.
3. A duración do mandato dos membros do Consello do Audiovisual de Galicia será de cinco anos, sendo renovábeis por un só mandato adicional.
4. No caso de vacante sobrevida de calquera dos membros procederase á súa substitución polo procedemento previsto para a súa designación, e a duración do mandato será polo tempo que restaba ao membro substituído ou ausente.

Artigo 52. Estatuto persoal dos membros do Consello do Audiovisual de Galicia



1. Os membros do Consello do Audiovisual de Galicia terán dedicación exclusiva, actuarán con plena independencia e neutralidade e non estarán sometidos a instrución ou indicación no exercicio das súas funcións.
2. Os membros do Consello do Audiovisual de Galicia estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Xunta de Galicia, alén de ser incompatíbel coa condición de deputada/o do Parlamento de Galicia, coa designación de calquera cargo de elección ou designación política, co desenvolvemento de actividades nas Administracións Públicas, co exercicio de funcións de dirección ou executivas en partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais.
3. Os membros do Consello do Audiovisual de Galicia non poderán ter participación directa nin indirecta, nin tampouco interese algún, en empresas audiovisuais, de cine, vídeo, prensa, publicidade, informática, de telecomunicacións ou internet nin exercer actividades profesionais de ningunha caste, agás a participación en cursos, conferencias ou seminarios de maneira ocasional e sen adicación exclusiva.
4. En caso de atoparse incurso algún membro do Consello do Audiovisual de Galicia en causa de incompatibilidade deberá formalizar a súa baixa do órgano ou formalizar a situación no prazo máximo dun mes.

Artigo 53. Perda da condición de membro do Consello do Audiovisual de Galicia

Os membros do Consello do Audiovisual de Galicia son nomeados de xeito irrevogábel e cesan unicamente por algunha das seguintes causas:

- a) Expiración do mandato
- b) Denuncia ou falecemento
- c) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo, incompatibilidade sobrevida ou inhabilitación para o exercicio de cargos públicos.
- d) Condena en sentenza firme por delito doloso.



e) A non adecuación en prazo das incompatibilidadesa que se refire o artigo anterior.

Artigo 54. *Funcións*

1. O Consello do Audiovisual de Galicia vela polo respecto dos dereitos e liberdades que, no eido dos medios de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora, televisión ou calquera outro sistema de transmisión de son ou imaxe tanto lineal como por petición, son recoñecidos polas normas constitucionais ou estatutarias e garante o cumprimento da normativa reguladora da programación e publicidade audiovisual, das condicións das concesións ou autorizacións audiovisuais, así como do cumprimento da normativa europea en materia audiovisual.

2. Así mesmo, o Consello do Audiovisual de Galicia velará polo pluralismo político, cultural, social, lingüístico e relixioso no conxunto do sistema audiovisual de Galicia, polo neutralidade e honestidade informativas e preserva o cumprimento das normas relativas á difusión e normalización da lingua galega nos medios de comunicación social.

3. Dun xeito específico, o Consello do Audiovisual de Galicia exerce as seguintes funcións:

a) Emitir informe previo en canto aos anteproxectos de lei e os proxectos de disposicións de carácter xeral que conteñen normas relativas ao sector audiovisual e as súas eventuais modificacións, así como elaborar informes e ditames a iniciativa propia ou a instancia do Parlamento ou do Goberno.

b) Outorgar as licenzas que habilitan para a prestación do servizo de comunicación audiovisual e garantir o cumprimento das súas condicións, cando non sexa necesario realizar un concurso consonte a normativa audiovisual.

c) Informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a proposta do prego de condicións formulada polo Goberno galego, previamente á convocatoria de cada concurso de adxudicación de concesións ou autorizacións audiovisuais.



d) Informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as propostas presentadas nos concursos de outorgamento de licenzas para a xestión de emisoras de radiodifusión sonora e de televisión. Tamén debe informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as peticións de renovación das concesións ou licenzas outorgadas, os expedientes de modificación do capital social das empresas titulares da concesión, os expedientes de transmisión das concesións e as revogacións destas.

e) Velar polo cumprimento do establecido na normativa reguladora do sector do audiovisual e, en particular, asegurara observancia dos principios de pluralismo político, social, relixioso, cultural e de pensamento.

f) Adoptar instrucións xerais de carácter vinculante dirixidas aos operadores a fin de garantir o cumprimento da lexislación vixente no ámbito das súas competencias, así como adoptar decisións vinculantes para os seus destinatarios no que se refire ás queixas formuladas polos usuarios dos servizos de comunicación audiovisual.

g) Incoar e resolver, no ámbito das súas competencias, os correspondentes procedementos sancionadores polos infraccións da lexislación relativa ao audiovisual e a publicidade.

h) Proceder á execución forzosa dos actos que adopte, ante a inactividade da persoa obrigada e despois de realizar a correspondente advertencia, incluíndo a imposición de multas coercitivas.

Obter dos operadores de servizos de comunicación audiovisual toda a información que lles sexo requirido para o exercicio das funcións do Consello.

i) Promover a adopción de normas de autorregulación do sector audiovisual.

m) Velar polo cumprimento da lexislación sobre publicidade en todo o relativo aos contidos e modalidades das emisións publicitarias tanto na radio e televisión lineais como nas redes e plataformas dixitais e sociais.

n) Asegurar o cumprimento do disposto na normativa sobre protección da infancia nos contidos audiovisuais.



o) Adoptar, no marco das atribucións recoñecidos nesta lei, as medidas necesarias para restablecer os efectos da difusión ou a introdución na programación ou a publicidade de mensaxes ou contidos que atenten contra a dignidade humana e o principio de igualdade, e moi particularmente cando estas mensaxes ou contidos fosen difundidos en horarios de audiencia de público infantil ou xuvenil.

p) Interesar das demais autoridades reguladoras ou das Administracións Públicas con competencia en medios de comunicación audiovisual cuxas emisións se difundan en Galicia e non queden suxeitos á autoridade do Consello Audiovisual de Galicia a adopción das medidas acadas ante as condutas contrarias á lexislación relativa á programación e publicidade audiovisuais, así como interesar do Ministerio Fiscal a súa actuación nos casos en que as condutas detectadas poidan ser susceptíbeis de persecución e sanción penal.

q) Aprobar e, no seu caso, modificar o Estatuto Orgánico e de Funcionamento do Consello, así como ordenara súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

r) Garantir o cumprimento das misións de servizo público asignadas aos medios de comunicación audiovisual de xestión pública e dar conto diso ao Parlamento de Galicia.

s) Exercer, a instancia das partes en conflito, e dentro do ámbito das súas competencias, funcións arbitrais e de mediación no sector audiovisual.

t) Exercer a potestade de inspección, control e sanción establecidas na normativa en materia de comunicación audiovisual ás autoridades audiovisuais.

Artigo 55. Réxime sancionador

1. O Consello do Audiovisual de Galicia exerce a potestade sancionadora que as leis reguladoras da comunicación audiovisual en Galicia e da publicidade atribúen ó Comunidade autónoma de Galicia.



2. En cumprimento das súas funcións, o Consello do Audiovisual de Galicia exercerá as seguintes potestades:

- a) Adoptar as medidas cautelares en caso de urxencia xustificada para evitar que o incumprimento de obrigas produza un prexuízo grave e irreparábel ao pluralismo, a liberdade de comunicación e os dereitos dos cidadáns, que poden comportar a suspensión de licenzas ou concesións.
- b) Requirir información e pedir a comparecencia de prestadores e distribuidores de servizos de comunicación audiovisual.
- c) Ordenar o cese de actuacións que incumpran as condicións da licenza ou concesión.
- d) Impor multas coercitivas para garantir o cumprimento das obrigas aos prestadores de servizos audiovisuais cara a autoridade audiovisual, especialmente en canto ós potestades de inspección e control.

Artigo 56. Potestade regulamentoria

O Consello do Audiovisual de Galicia ten a potestade regulamentaria, por medio de instrucións, para desenvolver os preceptos desta lei e demais leis en materia audiovisual nos eidos relativos ás condicións aplicábeis aos títulos habilitantes para o exercicio da liberdade de comunicación e ás obrigas legais á que fican suxeitos os prestadores e distribuidores de servizos de comunicación audiovisual.

Artigo 57. Relacións co Parlamento de Galicia

1. O Consello do Audiovisual de Galicia elaborará con carácter anual un informe sobre a súa actuación e a situación do sistema audiovisual de Galicia, incluíndo as propostas e observacións que sexan precisas para facilitar o desenvolvemento equilibrado do sector, que será remitido ao Parlamento de Galicia.

2. O Parlamento de Galicia poderá solicitar do Consello do Audiovisual de Galicia a elaboración de informes, estudos e propostas sobre o ámbito da



comunicación audiovisual e información relacionada co exercicio das súas competencias.

Artigo 58. Réxime económico

O Consello do Audiovisual de Galicia disporá dos seguintes recursos económicos:

- a) As asignacións orzamentarias establecidas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos de dereito público e dereito privado que lle correspondan.
- c) As contraprestacións derivadas dos convenios asinados.
- d) Os rendementos das publicacións, estudos e demais actuacións do Consello.
- e) O importe dos canons dos títulos de habilitación para a xestión de emisoras de radiodifusión sonoras e de televisión outorgadas polo Comunidade Autónoma, na proporción que se determine por vía regulamentaria.

Artigo 59. Colaboración con outras institucións

1. A Xunta de Galicia deberá prestar a colaboración e o auxilio necesarios ao Consello do Audiovisual de Galicia, cando así o esixan o cumprimento das súas funcións e a execución dos seus acordos, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización xudicial cando se precise paraa execución das devanditas resolucións.

2. O Consello pode establecer acordos de cooperación e colaboración con outras autoridades de regulación audiovisual e participar nos organismos correspondentes do Consello de Europa e da Unión Europea."



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. *Garantía do cumprimento dos principios e os criterios de nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

De o considerar necesario para garantir a maior efectividade dos principios e os criterios enumerados no número 2 do artigo 23, a Presidencia do Parlamento de Galicia poderá achegar un informe externo independente de valoración do currículo das persoas propostas como membros do Consello de Administración e como titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, emitido por unha entidade mercantil acreditada de auditoría de cumprimento corporativo, competencias e servizo público.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 18, de Modificación

Substituír o texto da disposición adicional primeira polo seguinte:

"Disposición adicional primeira.- *Inicio dos actividades e elección dos membros do Consello do Audiovisual de Galicia*

1. O Consello Audiovisual de Galicia iniciará o seu funcionamento no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.
2. Os membros do Consello do Audiovisual de Galicia serán designados dentro dos dous meses seguintes ao inicio das actividades do devandito órgano."

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 34, de Adición



Débese engadir ao final da Disposición adicional primeira o seguinte contido:

Engadir in fine: "...e avalada por dous terzos do Parlamento."



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. *Garantía da constitución e da renovación no prazo da **Dirección Xeral**, órgano de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.*

Co fin de garantir a constitución e a renovación no prazo correspondente dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e de evitar a indebida prolongación das situacións de interinidade, de non se acadar a maioría de tres quintos establecida para a elección da persoa titular da Dirección Xeral no número 2 do artigo 34 dentro do prazo previsto no devandito precepto, a elección realizarase por maioría absoluta na seguinte sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 35, de Supresión

Débase suprimir a Disposición adicional segunda.

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 19, de Modificación

Substituír o texto da disposición adicional segunda polo seguinte:

"Disposición adicional segunda.- *Constitución do Consello Asesor e do Consello de Informativos*

A constitución do Consello Asesor e do Consellos de Informativos previstos nesta lei formalizarase dentro dos tres meses seguintes ao inicio do mandato do Consello de Administración da CRTVG. O Consello de informativos elixirá consonte o procedemento que decida as persoas que deberán integrar o Consello de informativos en representación do persoal da CRTVG."





EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 20, de Adición

Engadir unha nova disposición transitoria primeira co seguinte texto:

"Disposición transitoria primeira.- Nomeamento do Comité de Persoas Expertas e aprobación das bases reguladoras do concurso público establecido por esta lei

O Parlamento de Galicia aprobará en sesión plenaria, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a normativa que rexe a selección dos membros do Consello de Administración e a Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia por concurso público coa participación dun comité de persoas expertas, tal e como prevé o artigo 18 desta lei.

O Comité de Persoas Expertas estará composto por persoas de recoñecida competencia profesional, docente ou investigadora do ámbito da comunicación e da creación audiovisual e con experiencia acreditada, respectando a presenza equilibrada entre mulleres e homes. As persoas que integran este comité serán nomeadas na mesma sesión plenaria por proposta dos grupos parlamentarios e serán designadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentarios ou por aqueles que representen tres quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, de acordo coa normativa de desenvolvemento desta disposición que aprobe o Pleno do Parlamento.

No caso de renuncia por parte dalgunha das persoas designadas, o Comité constituirase con aquelas que aceptasen o nomeamento. Este comité fará públicos os seus informes de avaliación das distintas candidaturas que se presenten e serán remitidos á comisión competente para a correspondente audiencia das candidaturas.



Após escoitar as candidaturas na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG, e logo da remisión do informe final ao Parlamento, a Cámara, en sesión plenaria e por maioría de dous terzos, nomeará as persoas candidatas seleccionadas."

**EMENDAS MANTIDAS:**

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 21, de Adición

Engadir unha nova disposición transitoria segunda co seguinte texto:

"Disposición transitoria segunda.-*Elección e primeiro mandato dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia*
A elección dos membros do Consello de administración da Corporación RTVG deberá producirse consonte o establecido nesta lei no prazo máximo dos nove meses seguintes á súa entrada en vigor."

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogada a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e cantas disposicións de igual ou de inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 22, de Modificación

Substituír o texto da disposición derogatoria única polo seguinte:

"Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei."



DITAME DA COMISIÓ:

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

A disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional décimo cuarta. Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A., réxese pola súa normativa específica. As previsións da presente lei aplicaráselle cando a devandita normativa o estableza expresamente, así como nos aspectos non regulados por ela, neste último caso sempre que as previsións desta lei sexan compatibles coa natureza e carácter especial da sociedade».

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 23, de Modificación

Substituír o texto da disposición derradeira primeira polo seguinte:

"Disposición derradeira primeira.- *Habilitación normativa*

Facúltase a Xunta de Galicia e o Consello do Audiovisual de Galicia, no ámbito de cadansúas competencias, a realizaren o desenvolvemento regulamentario desta lei."



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Cambio da denominación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S A , e adaptación dos estatutos sociais a esta lei*

1. A actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., mudará a súa denominación para asumir a de Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A., prevista por esta lei. Todas as referencias que as normas en vigor realicen á Compañía de Radio-Televisión de Galicia ou á Corporación Radio e Televisión de Galicia entenderanse feitas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a xunta xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., aprobará, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, a modificación dos estatutos sociais que mude a denominación da sociedade para Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A., e realice as demais adaptacións destes ao establecido nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 24, de Supresión

Suprimir o texto da disposición derradeira segunda.

-Do G.P Socialistas de Galicia

Emenda n º 36, de Supresión

Débase suprimir a Disposición derradeira segunda.



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira.

Primeira elección consonte o establecido por esta lei dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobará, consonte o Regulamento do Parlamento, as normas reguladoras do procedemento para a elección de acordo co establecido por esta lei da persoa titular da Dirección Xeral e dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Este procedemento garantirá que, antes de expirar o prazo sinalado no parágrafo anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros do Parlamento poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do pleno da elección dos órganos da sociedade.

2. Unha vez que entre en vigor a modificación dos estatutos sociais prevista na disposición derradeira segunda, entenderase expirado o mandato da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión das persoas que os substitúan, e procederase á súa renovación conforme o establecido por esta lei.

3. Para a primeira elección conforme o establecido por esta lei dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non se terán en conta os **mandatos** en que as persoas propostas, se for o caso, exercesen os mesmos cargos cando a sociedade tiña a denominación de Corporación Radio e Televisión de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Emenda nº 25, de Supresión

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derradeira cuarta. *Primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

O primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia será tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia no prazo de seis meses, contados desde o nomeamento, de acordo co establecido por esta lei, da persoa titular da Dirección Xeral.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 26, de Supresión

Suprimir o texto da disposición derradeira cuarta.

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia e os órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para ditar cantas disposicións foren necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 27, de Supresión

Suprimir o texto da disposición derradeira quinta.



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia .

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 28, de Modificación

Substituír o texto da disposición derradeira sexta polo seguinte:

"Disposición derradeira sexta.- *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*."



DITAME DA COMISIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

I

O artigo 34.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que, no marco das normas básicas do Estado, a Comunidade Autónoma pode «regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins». Con base nesta competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que permitiu a posta en marcha e a consolidación duns medios públicos de comunicación audiovisual que contribuíron de modo innegable á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e ao desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia.

A primeira lei reguladora da radio e da televisión de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia foi substituída, nun contexto tecnolóxico e normativo moi mudado, pola ata agora vixente Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Esta lei unificou os tres entes instrumentais que existían (a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades Radiotelevisión Galicia, S. A., e Televisión de Galicia, S. A.) nunha única sociedade mercantil pública autonómica, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A., para gañar eficacia na xestión, e incorporou garantías de independencia dos medios públicos de comunicación audiovisual respecto do poder executivo. Ademais, introduciu os instrumentos do mandato marco e do contrato programa para a concreción plurianual da misión de servizo público dos devanditos medios, mantendo o modelo mixto de financiamento, que combina a compensación polo cumprimento da misión de servizo público cos ingresos publicitarios ou derivados doutros dereitos. Baixo esta nova normativa, a Radio Galega e a Televisión de Galicia



continuaron a desenvolver con éxito a súa misión de servizo público, cunha presenza consolidada e estable nas audiencias, superior á media que acada o conxunto dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade das comunidades autónomas, unha situación financeira saneada e un réxime organizativo razoablemente eficaz.

Porén, no momento presente concorren dúas circunstancias que fan necesario un cambio da normativa reguladora dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por unha banda, cómpre salientar o novo marco normativo establecido pola Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, xa totalmente en vigor, que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2010, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual), coas modificacións introducidas nela pola Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de novembro de 2018. A esta lei súmaselle o recente Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, polo que se establece un marco común para os servizos de medios de comunicación no mercado interior e se modifica a Directiva 2010/13/UE (Regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación).

Por outra banda, ademais desas novidades normativas, hai que ter en conta a fonda transformación dixital que se está a producir nos medios de comunicación audiovisual e á cal a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) non é allea. A realidade actual é que, como outras empresas audiovisuais, públicas e privadas, a CRTVG non se limita xa a xestionar un conxunto de canles de radio e televisión, senón que se transformou nunha plataforma de servizos



de comunicación audiovisual, malia o seu marco regulador continuar a ser o mesmo.

O marco dixital está a converter os medios de comunicación en estruturas necesitadas de constante innovación e transformación. A converxencia e a conectividade multiplican as posibilidades de produción e as redes de distribución a través de canles, plataformas e dispositivos fixos ou móbiles ofrecen máis posibilidades de interacción coas audiencias e de personalización de contidos, as cales aínda se verán incrementadas no futuro próximo. A relación entre tecnoloxía, industria, medios públicos, xéneros, audiencias e persoas seguirá a mudar a través de ofertas multiplataforma, que inclúen tamén novas ferramentas de intelixencia artificial, uso de algoritmos e asistentes de voz e mais realización audiovisual. Na vangarda dos novos paradigmas mediáticos, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia deben liderar a transición tecnolóxica a prol da conectividade xeneralizada coa cidadanía, da defensa da identidade de Galicia e da promoción, a difusión e o impulso da lingua galega, do enriquecemento do pluralismo e a diversidade da sociedade e mais da alfabetización para o uso responsable dos servizos de comunicación. A súa difusión e achega de valor público a Galicia xa non só se poden considerar como as dunha entidade tradicional de radiodifusión, senón como as dunha nova plataforma galega de servizos públicos de comunicación audiovisual para a era de Internet.

Neste contexto de acelerada transformación dixital, o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia non se pode continuar entendendo e definindo legalmente como un conxunto de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña; abrangue a produción, a edición e a difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais a través de redes de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que o progreso tecnolóxico admite, tal como recolle esta nova lei no seu artigo 2.1. De aí que a propia denominación do prestador do servizo deba mudarse de «Corporación Radio e Televisión de Galicia» para



«Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia» (CSAG), como entidade con forma de sociedade mercantil pública autonómica que integra os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e os programas, os contidos e os servizos que estes producen, editan e difunden no marco da sociedade dixital.

II

Esta lei conta con cincuenta e nove artigos estruturados en tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título I, relativo ás disposicións xerais, regula en primeiro lugar o obxecto da lei, que, na liña do xa exposto, se concreta na regulación dos servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma. Ademais, contén a definición deste servizo público e o acordo formal da súa prestación en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como o ámbito do servizo. En relación con este último, débese salientar que as limitacións territoriais tradicionais á cobertura do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico non resultan aplicables aos demais servizos que se difunden a través de redes de comunicacións electrónicas e de sistemas de Internet.

O título II ocúpase en dous capítulos de definir a misión e os principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia. A misión de servizo público mantén e reforza os seus elementos tradicionais. Así, incídese na necesidade de os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia estaren conformados por profesionais da información,



suxeitos a normas de autorregulación destinadas a fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia deses contidos informativos; no impulso da produción propia, vinculada ao fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego; na utilización da lingua galega, tanto na produción propia coma na edición e difusión da produción allea, sen prexuízo da posibilidade de empregar adicionalmente outras versións lingüísticas cando así o xustificar a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, na liña do compromiso recollido pola Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no seu artigo 12.1.b), relativo a favorecer os distintos medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias; na garantía do dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual; e no fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente. A todo isto engádese como novidade a misión de alfabetización mediática e dixital de toda a cidadanía galega a que debe contribuír o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma, en colaboración co sistema educativo, en especial para loitar contra os procesos de desinformación e para promover o uso responsable dos datos, as redes e as novas ferramentas de intelixencia artificial, ás cales nesta lei se fan referencias explícitas nos seus artigos 10.2, 42.2.f) e 50.e), dirixidas a garantir o cumprimento dos principios éticos e xurídicos que deben respectar.

Os principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual sintetízanse, de acordo co establecido pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, nos seguintes: o respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios; a universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual; a veracidade da información; a independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade dos medios públicos de comunicación audiovisual; e a innovación e excelencia. O capítulo II do título II desenvolve o contido destes principios xerais, que inspirarán a actuación dos medios públicos de comunicación



audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

O título III, o máis extenso da lei, desenvolve en seis capítulos o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma, a xa mencionada Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa natureza e o seu réxime xurídico non cambian con respecto á actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, polo que formalmente se trata da mesma sociedade mercantil pública autonómica, que muda a súa denominación e experimenta algúns axustes organizativos.

En particular, no capítulo II do título III, relativo aos órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, fortalécense as garantías que rodean a elección da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración, en aplicación do establecido no Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e o Consello, do 11 de abril do 2024. Igualmente, mantense o rigoroso réxime de incompatibilidades que xa se lles viña aplicando a esas persoas, en garantía da súa independencia e neutralidade.

Unha importante novidade organizativa da lei é a creación do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa composición combina a diversidade da presenza de representantes dos distintos sectores sociais e económicos implicados na prestación do servizo público da comunicación audiovisual, elixidos polo Parlamento de Galicia e pola Xunta de Galicia, con criterios que garantan o respecto do pluralismo existente na sociedade galega, e a de representantes do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, xunto co máximo órgano unipersoal de goberno e administración desta, a Dirección Xeral.



En materia de persoal, o capítulo III do título III perfila con máis detalle que a lei anterior o réxime do persoal directivo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, en liña coa regulación do persoal directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais desta que recolle a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e coas últimas orientacións xurisprudenciais. Resulta tamén salientable a introdución dunha referencia expresa ao persoal de natureza artística, pola súa especial relevancia para os medios de comunicación audiovisual.

A concreción da misión de servizo público, desenvolvida no capítulo IV do título III, lévase a cabo a través duns novos instrumentos: o mandato estratéxico, que é aprobado polo Parlamento de Galicia e ten a consideración de mandato marco para os efectos da lexislación xeral de comunicación audiovisual, de seis anos de duración; e o contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para eses efectos e tres anos de duración. Alén diso, incorpórase un artigo relativo á autorregulación e á corregulación, en cumprimento das previsións sobre o fomento destas que contén a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

Finalmente, os capítulos V e VI do título III regulan o réxime económico e o control externo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. No que atinxe ao financiamento desta, mantense o actual sistema mixto, conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e os rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade. Tamén se incide na necesidade dunha separación progresiva de actividades que distinga claramente as que se realizan en cumprimento da misión de servizo público daquelas de carácter comercial. Canto ao control externo, comprende o control parlamentario e da autoridade audiovisual a través dos mecanismos que xa se viñan aplicando, aos cales se suma o control por parte do Consello de Contas, ao ser a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia parte do sector público autonómico.



A lei complétase con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, que derroga expresamente a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e seis disposicións derradeiras.

As disposicións adicionais diríxense a garantir, por unha banda, o cumprimento dos principios e os criterios que rexen o nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, por outra banda, a constitución e a renovación no prazo destes órganos e en concreto da Dirección Xeral, sen alterar o principio de elección por unha maioría cualificada para tratar de garantir o máximo consenso posible.

Pola súa banda, as disposicións derradeiras adaptan á nova lei a disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; prevén o cambio de denominación da actual «Corporación Radio e Televisión de Galicia» para «Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia» e os demais axustes nos seus estatutos sociais que exige a nova lei, así como a primeira elección consonte esta da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración e mais a aprobación do primeiro mandato estratéxico. Alén diso, conteñen a habilitación para ditar as disposicións que foren necesarias para desenvolver e aplicar esta lei, así como a determinación do momento da súa entrada en vigor.

III

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia. Inclúense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exige o principio de transparencia.



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P Bloque Nacionalista Galego

Emenda n º 29, de Modificación

Substituír o texto da EXPOSICIÓN DE MOTIVOS polo seguinte:

"Os medios de comunicación públicos son un servizo esencial e unha ferramenta imprescindible para a consolidación da democracia, máis aínda nun país como Galicia no que os medios públicos de comunicación audiovisual constitúen un eixo fundamental para a defensa da identidade, a cultura e a lingua propias do pobo galego.

Eses foron en orixe os principios que deron lugar á Compañía de Radio-Televisión de Galicia a través de Lei 9/1984, do 11 de xullo: garantir o dereito de acceso do pobo galego aos distintos xéneros de programación e aos principais eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega.

Co obxectivo de salvagardar e ampliar os principios fundacionais da CRTVG blindando o pluralismo democrático que debe presidir os medios públicos de Galicia é necesario avanzar nun novo marco normativo que os regule, superando así a actual Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Esta mudanza lexislativa resulta especialmente importante por tres razóns fundamentais:

En primeiro lugar, polas profundas transformacións tecnolóxicas acontecidas nos últimos anos e, con elas, a irrupción de novas formas de consumo e creación de contidos audiovisuais. Esas mudanzas exigen a adaptación da normativa para abranguer, entre outros, os



contidos baixo petición ou as plataformas dixitais, que son xa unha realidade.

En segundo lugar, e derivado do anterior, pola necesidade de impulsar con maior decisión a normalización de usos da lingua galega, especialmente entre a infancia e a mocidade, en cumprimento do disposto no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Os medios de comunicación audiovisual, especialmente os públicos, cumpren un papel esencial na garantía de acceso da poboación a contidos e servizos audiovisuais na lingua propia de Galicia, gañando novos espazos de prestixio e uso para o galego. Tendo en conta a realidade sociolingüística actual, especialmente os últimos datos que sitúan o uso social da lingua galega en mínimos históricos, urxe reforzar o papel que lle foi asignado aos medios públicos de comunicación audiovisual desde a súa creación nesta materia.

E, en terceiro lugar, pola necesidade de blindar os medios de comunicación públicos de Galicia como ben público e a introdución de mecanismos que garantan o cumprimento da súa misión de servizo público sen inxerencias de ningún tipo, especialmente gobernamentais. Para tal fin, introdúcese como procedemento de elección e designación dos órganos de goberno e xestión da Corporación RTVG o concurso público, co obxectivo de dar transparencia e obxectividade á súa escolla.

Así mesmo, en tanto que ben público esencial, a Corporación da radio e televisión de Galicia ten como obxectivo prioritario promover o debate democrático, fomentar o espírito crítico da poboación, a participación cidadá no desenvolvemento político, social, económico e cultural de Galicia, velando polo dereito de acceso do conxunto da sociedade galega a unha información de proximidade, en lingua galega, veraz, imparcial e obxectiva. Urxe, en tempos como os actuais nos que reina a desinformación e a manipulación, prestixiar o xornalismo público facendo que gañe confianza entre as galegas e galegos.



Para dar cumprimento a eses obxectivos é fundamental que as traballadoras e traballadores dos medios públicos contén con órganos internos de participación que velen pola súa independencia profesional, así como a creación de organismos externos que fiscalicen o cumprimento da misión de servizo público que teñen na súa función formadora, informadora e de entretemento.

En definitiva, a Corporación da Radio e Televisión de Galicia constitúe parte do patrimonio do pobo galego e, como tal , é necesaria a súa defensa e promoción, adaptándoa aos tempos e ás mudanzas tecnolóxicas mais sen desposuíla da súa identidade orixinal, poñendo en valor unha marca, a da Corporación Radio Televisión de Galicia, que é parte da historia de Galicia.

As mudanzas tecnolóxicas acontecidas na última década, e especialmente no sector audiovisual nos últimos anos, exixen avanzar no sentido en que o fai esta lei, para que a Corporación RTVG sexa referente do sector, cunha produción de calidade e de vangarda. Nese camiño, o persoal que conforma o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, xunto co tecido económico e empresarial que conforma o sector audiovisual galego, representan un auténtico motor de produción para este país que debemos coidar e valorar.

Esta lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital estrutúrase en catro títulos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras."

